



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 486  
26 de abril de 2023

Fascículo 1



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de abril de 2023, polo que se admite a trámite o Proxecto de lei de artesanía de Galicia e se abre o prazo de presentación de emendas [190509](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

#### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

##### ■ 52994 (11/PNP-004388)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 13 máis

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da tramitación garantista e respectuosa co medio ambiente dos proxectos mineiros na Comunidade Autónoma de Galicia [190545](#)

#### Admisión a trámite e publicación

##### ■ 52779 (11/PNP-004370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención ás persoas dependentes [190548](#)

##### ■ 52805 (11/PNP-004371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta á disposición dos grupos parlamentarios dos resultados da execución e das modificacións de crédito dos orzamentos xerais de Galicia do ano 2022 [190552](#)

##### ■ 52811 (11/PNP-004372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do seguimento da execución dos investimentos anunciados no castelo de Monterrei ao abeiro do Plan xacobeo Next Generation [190556](#)



**I 52817 (11/PNP-004373)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar a mellora integral da PO-303 no seu paso por Samieira, en Poio

[190559](#)**I 52837 (11/PNP-004374)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos recursos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galicia e que reciben os concellos

[190562](#)**I 52848 (11/PNP-004375)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama

[190566](#)**I 52870 (11/PNP-004376)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito de accesibilidade universal no transporte público metropolitano da comarca da Coruña

[190568](#)**I 52881 (11/PNP-004377)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización da vivenda baleira

[190571](#)**I 52892 (11/PNP-004378)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre a promoción e a consolidación do tecido empresarial en Galicia

[190577](#)**I 52907 (11/PNP-004379)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación do Proxecto de real decreto polo que se establece a ordenación do sistema de formación profesional

[190581](#)**I 52911 (11/PNP-004380)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa información e os resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024

[190585](#)

**I 52917 (11/PNP-004381)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do colapso da ponte de Santa Marta en Ponte Arnelas, no concello de Vilanova de Arousa

[190590](#)

**I 52953 (11/PNP-004382)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia

[190593](#)

**I 52956 (11/PNP-004383)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que acometa a reconstrución dos viadutos do Castro na A-6, de xeito simultáneo e pola vía de emerxencia

[190595](#)

**I 52966 (11/PNP-004384)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que a cidade de Ourense sexa un destino turístico termal seguro, de calidade e sustentable

[190598](#)

**I 52978 (11/PNP-004385)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da execución da totalidade dos recursos orzados no programa 141A, de Administración local, no exercicio 2023

[190602](#)

**I 52982 (11/PNP-004386)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para executar a totalidade dos recursos orzados no programa 733A, Eficiencia enerxética e enerxías renovables, no exercicio 2023

[190604](#)

**I 52992 (11/PNP-004387)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar co Concello de Culleredo un convenio para rehabilitar e mellorar os usos e o mantemento das instalacións do centro integrado de formación profesional Universidade Laboral

[190606](#)



## Admisión da retirada e publicación do acordo

### I 50974 (11/PNP-004214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo do Goberno galego respecto do control do uso de substancias fitosanitarias asociadas ao cultivo de viñedos na zona do Salnés

[190503](#)

## 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

### 1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

## Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

### I 52993 (11/PNC-004546)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 13 máis

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da tramitación garantista e respectuosa co medio ambiente dos proxectos mineiros na Comunidade Autónoma de Galicia

[190609](#)

## Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

### I 52778 (11/PNC-004527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención ás persoas dependentes

[190612](#)

### I 52806 (11/PNC-004528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta á disposición dos grupos parlamentarios dos resultados da execución e das modificacións de crédito dos orzamentos xerais de Galicia do ano 2022

[190616](#)

### I 52812 (11/PNC-004529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do seguimento da execución dos investimentos anunciados no castelo de Monterrei ao abeiro do Plan xacobeo Next Generation

[190620](#)

### I 52836 (11/PNC-004531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos recursos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galicia e que reciben os concellos

[190623](#)



**I 52847 (11/PNC-004532)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama

[190627](#)**I 52871 (11/PNC-004533)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito de accesibilidade universal no transporte público metropolitano da comarca da Coruña

[190629](#)**I 52882 (11/PNC-004534)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización da vivenda baleira

[190632](#)**I 52893 (11/PNC-004535)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre a promoción e a consolidación do tecido empresarial en Galicia

[190638](#)**I 52898 (11/PNC-004536)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos de parques eólicos existentes actualmente na comarca do Xallas

[190642](#)**I 52906 (11/PNC-004537)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación do Proxecto de real decreto polo que se establece a ordenación do sistema de formación profesional

[190645](#)**I 52912 (11/PNC-004538)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa información e os resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024

[190649](#)**I 52918 (11/PNC-004539)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do colapso da ponte de Santa Marta en Ponte Arnelas, no concello de Vilanova de Arousa [190654](#)

**I 52952 (11/PNC-004540)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia [190657](#)

**I 52954 (11/PNC-004541)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que acometa a reconstrución dos viadutos do Castro na A-6, de xeito simultáneo e pola vía de emerxencia [190659](#)

**I 52965 (11/PNC-004542)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que a cidade de Ourense sexa un destino turístico termal seguro, de calidade e sustentable [190662](#)

**I 52977 (11/PNC-004543)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da execución da totalidade dos recursos orzados no programa 141A, de Administración local, no exercicio 2023 [190666](#)

**I 52984 (11/PNC-004544)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para executar a totalidade dos recursos orzados no programa 733A, Eficiencia enerxética e enerxías renovables, no exercicio 2023 [190668](#)

**I 52991 (11/PNC-004545)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar co Concello de Culleredo un convenio para rehabilitar e mellorar os usos e o mantemento das instalacións do centro integrado de formación profesional Universidade Laboral [190670](#)

**Admisión da retirada e publicación do acordo**

**I 50973 (11/PNC-004357)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo do Goberno galego respecto do control do uso de substancias fitosanitarias asociadas ao cultivo de viñedos na zona do Salnés [190506](#)

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.2. Solicitudes de comparecencia

#### 1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da comisión e publicación

#### I 52908 (11/CPC-000106)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da presidenta da empresa Redeia (antiga REE) ou da súa delegada en Galicia, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para informar das previsións para Galicia do Plan estratéxico 2021-2025, aprobado polo Goberno estatal [190673](#)

### Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

#### I 52910 (11/CPC-000107)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do director da Axencia Galega de Infraestruturas (AGI), por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das causas do colapso da ponte de Santa Marta, das inspeccións realizadas e mais dos seus resultados, así como para dar conta das actuacións precisas e os prazos para a ponte poder ser aberta ao tráfico [190675](#)

#### I 53022 (11/CPC-000108)

##### Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición propia, para a presentación do Proxecto do V Plan Director de Cooperación Galega para o período 2023-2026, segundo o previsto no artigo 87.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia [190677](#)

### 1.4.3. Interpelacións

### Admisión a trámite e publicación

#### I 52804 (11/INT-002537)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a atención ás persoas en situación de dependencia [190679](#)

#### I 52809 (11/INT-002538)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre os orzamentos xerais de Galicia do ano 2022 [190683](#)





**I 52835 (11/INT-002539)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre a evolución da participación dos concellos galegos nos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galicia

[190688](#)**I 52849 (11/INT-002540)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as estratexias para abordar o desafío climático e ambiental

[190691](#)**I 52885 (11/INT-002541)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a vivenda baleira en Galicia

[190693](#)**I 52896 (11/INT-002542)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto do emprendemento empresarial

[190697](#)**I 52915 (11/INT-002543)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a trata de seres humanos con fins de explotación sexual

[190700](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### **Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de abril de 2023, polo que se admite a trámite o proxecto de lei de artesanía de Galicia e se abre o prazo de presentación de emendas**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de abril de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 53015 (11/PL-000021)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de artesanía de Galicia

Examinado o Proxecto de lei de artesanía de Galicia e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á comisión correspondente e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 13 de maio de 2023, ás 13.00 horas.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de abril de 2023, adoptou os seguintes acordos

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

###### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación**

- 52994 (11/PNP-004388)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 13 máis



Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da tramitación garantista e respectuosa co medio ambiente dos proxectos mineiros na Comunidade Autónoma de Galicia

### Admisión a trámite e publicación

- 52779 (11/PNP-004370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención ás persoas dependentes

- 52805 (11/PNP-004371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta á disposición dos grupos parlamentarios dos resultados da execución e das modificacións de crédito dos orzamentos xerais de Galicia do ano 2022

- 52811 (11/PNP-004372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do seguimento da execución dos investimentos anunciados no castelo de Monterrei ao abeiro do Plan xacobeo Next Generation

- 52817 (11/PNP-004373)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar a mellora integral da PO-303 no seu paso por Samieira, en Poio

- 52837 (11/PNP-004374)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos recursos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galicia e que reciben os concellos

- 52848 (11/PNP-004375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama

- 52870 (11/PNP-004376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Ríos Santomé, Paulo



Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito de accesibilidade universal no transporte público metropolitano da comarca da Coruña

- 52881 (11/PNP-004377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización da vivenda baleira

- 52892 (11/PNP-004378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a promoción e a consolidación do tecido empresarial en Galicia

- 52907 (11/PNP-004379)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación do Proxecto de real decreto polo que se establece a ordenación do sistema de formación profesional

- 52911 (11/PNP-004380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa información e os resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024

- 52917 (11/PNP-004381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do colapso da ponte de Santa Marta en Ponte Arnelas, no concello de Vilanova de Arousa

- 52953 (11/PNP-004382)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia

- 52956 (11/PNP-004383)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que acometa a reconstrución dos viadutos do Castro na A-6, de xeito simultáneo e pola vía de emerxencia



- 52966 (11/PNP-004384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que a cidade de Ourense sexa un destino turístico termal seguro, de calidade e sustentable

- 52978 (11/PNP-004385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da execución da totalidade dos recursos orzados no programa 141A, de Administración local, no exercicio 2023

- 52982 (11/PNP-004386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para executar a totalidade dos recursos orzados no programa 733A, Eficiencia enerxética e enerxías renovables, no exercicio 2023

- 52992 (11/PNP-004387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar co Concello de Culleredo un convenio para rehabilitar e mellorar os usos e o mantemento das instalacións do centro integrado de formación profesional Universidade Laboral

### **Admisión da retirada e publicación do acordo**

- 50974 (11/PNP-004214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo do Goberno galego respecto do control do uso de substancias fitosanitarias asociadas ao cultivo de viñedos na zona do Salnés

BOPG nº 467, do 15.03.2023

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52998.

### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **1.3.6.2.1. Proposicións presentadas**

### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación**

- 52993 (11/PNC-004546)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 13 máis

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da tramitación garantista e respectuosa co medio ambiente dos proxectos mineiros na Comunidade Autónoma de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 52778 (11/PNC-004527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención ás persoas dependentes

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 52806 (11/PNC-004528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta á disposición dos grupos parlamentarios dos resultados da execución e das modificacións de crédito dos orzamentos xerais de Galicia do ano 2022

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 52812 (11/PNC-004529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do seguimento da execución dos investimentos anunciados no castelo de Monterrei ao abeiro do Plan xacobeo Next Generation

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 52836 (11/PNC-004531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos recursos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galicia e que reciben os concellos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 52847 (11/PNC-004532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 52871 (11/PNC-004533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito de accesibilidade universal no transporte público metropolitano da comarca da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 52882 (11/PNC-004534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización da vivenda baleira

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 52893 (11/PNC-004535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a promoción e a consolidación do tecido empresarial en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 52898 (11/PNC-004536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos de parques eólicos existentes actualmente na comarca do Xallas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 52906 (11/PNC-004537)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación do Proxecto de real decreto polo que se establece a ordenación do sistema de formación profesional

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 52912 (11/PNC-004538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa información e os resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 52918 (11/PNC-004539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do colapso da ponte de Santa Marta en Ponte Arnelas, no concello de Vilanova de Arousa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 52952 (11/PNC-004540)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 52954 (11/PNC-004541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que acometa a reconstrución dos viadutos do Castro na A-6, de xeito simultáneo e pola vía de emerxencia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 52965 (11/PNC-004542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que a cidade de Ourense sexa un destino turístico termal seguro, de calidade e sustentable

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 52977 (11/PNC-004543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da execución da totalidade dos recursos orzados no programa 141A, de Administración local, no exercicio 2023

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 52984 (11/PNC-004544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para executar a totalidade dos recursos orzados no programa 733A, Eficiencia enerxética e enerxías renovables, no exercicio 2023

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 52991 (11/PNC-004545)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar co Concello de Culleredo un convenio para rehabilitar e mellorar os usos e o mantemento das instalacións do centro integrado de formación profesional Universidade Laboral

Comisión 4ª, Educación e Cultura

### **Admisión da retirada e publicación do acordo**

- 50973 (11/PNC-004357)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo do Goberno galego respecto do control do uso de substancias fitosanitarias asociadas ao cultivo de viñedos na zona do Salnés

BOPG nº 467, do 15.03.2023

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52998.





## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.2. Solicitudes de comparecencia

#### 1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

#### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da comisión e publicación**

- 52908 (11/CPC-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da presidenta da empresa Redeia (antiga REE) ou da súa delegada en Galicia, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para informar das previsións para Galicia do Plan estratéxico 2021-2025, aprobado polo Goberno estatal

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

#### **Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación**

- 52910 (11/CPC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do director da Axencia Galega de Infraestruturas (AGI), por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das causas do colapso da ponte de Santa Marta, das inspeccións realizadas e mais dos seus resultados, así como para dar conta das actuacións precisas e os prazos para a ponte poder ser aberta ao tráfico

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53022 (11/CPC-000108)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición propia, para a presentación do Proxecto do V Plan Director de Cooperación Galega para o período 2023-2026, segundo o previsto no artigo 87.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

### 1.4.3. Interpelacións

#### **Admisión a trámite e publicación**

- 52804 (11/INT-002537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a atención ás persoas en situación de dependencia

- 52809 (11/INT-002538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre os orzamentos xerais de Galicia do ano 2022



- 52835 (11/INT-002539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a evolución da participación dos concellos galegos nos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galicia

- 52849 (11/INT-002540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as estratexias para abordar o desafío climático e ambiental

- 52885 (11/INT-002541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a vivenda baleira en Galicia

- 52896 (11/INT-002542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do emprendemento empresarial

- 52915 (11/INT-002543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a trata de seres humanos con fins de explotación sexual

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª







XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

Ref: mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o **"Proxecto de lei de artesanía de Galicia"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 20 de abril de 2023.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

ORANS ALVAREZ, BLANCA  
Cargo: Directora Xeral  
Data e hora: 21/04/2023 11:27:03

CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.xunta.gal/tramites/csv/>  
cación: <https://sede.xunta.gal/cve>



DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE  
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA  
XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de abril  
de dous mil vinte e tres adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei de artesanía de Galicia* e a súa remisión ao  
Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente,  
en Santiago de Compostela a vinte de abril de dous mil vinte e tres.




Vº. e Prace:  
O PRESIDENTE





**XUNTA DE GALICIA**

## **PROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA**





## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española, no seu artigo 130.1, dispón que os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos, entre os que se cita expresamente á artesanía, co fin de equiparar o nivel de vida de todos os e as españois.

Pola súa parte, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de artesanía no artigo 27.17 do Estatuto de autonomía de Galicia. No exercicio desta competencia ditouse a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.

Dado o tempo transcorrido dende a súa aprobación, xurde a necesidade de adecuar esta regulación á nova realidade do sector artesanal, nun marco xurídico axeitado que manteña e promova a súa importancia social, cultural, identitaria e económica e que incremente a súa profesionalización e competitividade, apostando por un sector forte e perdurable no tempo.

A artesanía do século XXI é mixtura de tradición e innovación, de arraigo e modernización, de sostibilidade e progreso; pero, sobre todo, a artesanía galega son os nosos artesáns e artesás, que crean pezas únicas e transmiten os oficios e valores artesanais ás futuras xeracións,





situando a actividade artesanal como fonte de desenvolvemento cultural, social, turístico e económico.

A actividade artesá non só se traduce en resultados puramente materiais senón que exerce ademais certa pedagogía de carácter social, en canto transmite uns valores e contidos culturais arraigados na sociedade e que debemos apreciar e estimular. Igualmente, é un valor diferenciador fronte aos sistemas de produción industrial posto que supón un xeito de entender a empresa altamente comprometido cos aspectos emocionais, ecolóxicos e culturais das nosas tradicións.

Nos últimos anos novos e novas profesionais estanse a incorporar ás actividades artesanais xerando un emprego especializado e converténdose nun dos maiores sectores catalizadores de emprendedores e, moi especialmente, de emprendedoras, ademais dun factor importante no asentamento e desenvolvemento da poboación en zonas rurais.

Sobre a base destas consideracións, resulta necesaria unha actualización e modernización da normativa reguladora da artesanía na nosa comunidade autónoma que impulse a artesanía cara ao futuro como unha actividade económica sostible e xeradora de emprego vencellada ao territorio.

A lei consta de trece artigos agrupados en cinco capítulos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.





O Capítulo I, baixo a rúbrica de "disposicións xerais" (artigos 1 a 3), establece o obxecto e fins da lei e o seu ámbito de aplicación e incorpora un artigo específico de conceptos que contribúen a unha maior comprensión do texto legal. En concreto, actualízase o concepto de artesanía, posibilitando o emprego de maquinaria auxiliar ou doutro tipo de ferramentas, dixitais ou analóxicas, sempre que a intervención persoal e o coñecemento técnico sexan determinantes no resultado final do proceso artesanal.

O Capítulo II, baixo a rúbrica de "ordenación e regulación do sector artesanal galego" (artigos 4 a 9), regula as distintas modalidades de actividades artesanais e a Relación de Actividades Artesanais definida como o conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais, clasificadas conforme á Clasificación Nacional de Actividades Económicas. Así mesmo, regula os recoñecementos oficiais da condición de obradoiro artesán, mestra artesá e mestre artesán e asociación e federación profesional e empresarial artesanal. E, por último, inclúe o recoñecemento de puntos de especial interese artesanal coa dobre finalidade de promover os territorios e a súa artesanía e de recuperar, conservar e divulgar as manifestacións artesanais de especial singularidade.

O Capítulo III, baixo a rúbrica "marca Artesanía de Galicia", consta dun único artigo (artigo 10). A marca Artesanía de Galicia é recoñecida polas persoas usuarias como un valor engadido e polas persoas consumidoras como unha imaxe de calidade e de prestixio dos produtos. Constitúe unha das principais fortalezas do sector artesanal







galego, polo que debe ser aproveitada para impulsar o posicionamento nacional e internacional da artesanía e para acadar unha maior promoción e comercialización do produto artesán galego.

A lei recoñece e posiciona a marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, como un distintivo que identifica aos obradoiros artesanais da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca elaborouse nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

O Capítulo IV, baixo a rúbrica "Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia" (artigos 11 e 12), regula a Comisión Galega de Artesanía como un órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía así como de participación e representación do sector artesanal da Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei mantén o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, que ten natureza administrativa, carácter público e gratuito e é único para a Comunidade Autónoma de Galicia. Defínese a súa finalidade como un instrumento para o coñecemento por parte da administración da realidade do sector, non só para o control dos recoñecementos administrativos da actividade artesanal senón tamén para a mellora e a planificación e a coordinación das actuacións dirixidas á súa promoción e desenvolvemento.

O Capítulo V, baixo a rúbrica "Fundación Pública Artesanía de Galicia" consta dun único artigo (artigo 13).





## XUNTA DE GALICIA

A Fundación Pública Artesanía de Galicia contribúe á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego, apoiando ós oficios artesanais máis tradicionais vinculados ao noso territorio e, ao mesmo tempo, apostando pola innovación e polo uso das novas ferramentas tecnolóxicas, pola formación profesionalizada, pola divulgación e pola comercialización.

As disposicións que integran a parte final da lei teñen por obxecto adecuar a situación preexistente á nova situación xurídica creada pola presente lei.

A lei foi obxecto de consulta pública previa, e información pública e audiencia.

A lei axustase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia e recóllense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación tal e como esixe o principio de transparencia.





## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e fins*

A presente lei ten por obxecto a ordenación, promoción, fomento, modernización e profesionalización do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de promover o desenvolvemento da artesanía como actividade económica sostible, garantir a protección das súas diversas manifestacións e manter canles de cooperación e colaboración entre o sector artesanal galego e a Administración autonómica de Galicia para a procura dos seguintes obxectivos:

- a) A conservación e a recuperación das manifestacións artesanais máis tradicionais de Galicia para garantir a súa pervivencia e desenvolvemento.
- b) A potenciación da expansión e o deseño da artesanía contemporánea.
- c) A inclusión de novas actividades artesanais e a incorporación de novas vocacións que consoliden no tempo o sector artesanal galego e garantan o relevo xeracional.
- d) A divulgación e a posta en valor do patrimonio artesanal no ámbito económico, social, patrimonio cultural e turístico.
- e) O impulso da comercialización e a mellora da rendibilidade e da competitividade da artesanía no mercado, coa progresiva adaptación do sector artesanal á evolución tecnolóxica e dixital e ás diferentes canles de comercialización físicas e dixitais.





XUNTA DE GALICIA

- f) A profesionalización do sector artesanal mediante a formación continua e especializada.
- g) A promoción da creatividade, calidade e innovación na produción artesanal galega e a creación de sinerxias con outros sectores produtivos.
- h) A transmisión dos valores e o compromiso coa difusión, promoción e pedagogía da artesanía como práctica creativa.
- i) O fomento da responsabilidade social e medioambiental e o desenvolvemento local e a dinamización do rural como factores de éxito do sector artesanal.





## Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. A presente lei será de aplicación ás actividades artesanais, ás persoas artesás, aos obradoiros artesáns e ás asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais definidos no artigo 3 desta lei que desenvolvan a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente lei as producións exclusivamente mecanizadas e a artesanía alimentaria, que se rexerán pola súa propia normativa.





### Artigo 3. *Conceptos.*

Para os efectos da presente lei entenderase por:

#### 1. Artesanía:

Toda actividade económica que supoña o deseño, a creación, a produción, a transformación, a restauración ou a reparación de bens de valor artístico ou tradicional e de bens de consumo, así como a prestación de servizos derivada daquelas, sempre e cando se realicen ou obteñan mediante procesos nos que a intervención persoal e o coñecemento técnico da persoa ou persoas que participan nelas constitúan o factor determinante para a obtención do produto final.

O produto ou servizo final debe ter un carácter individualizado e diferenciado que non se acomode a unha produción industrial ou de servizos totalmente mecanizada, en series ou onde a intervención do factor humano non sexa primordial.

A actividade artesanal pode levar implícita o emprego de ferramentas dixitais ou analóxicas, de maquinaria auxiliar e doutros activos sempre e cando o seu uso forme parte dalgún dos procesos de elaboración dos produtos ou servizos e non substitúa por completo a intervención persoal para a obtención do produto ou servizo final.

#### 2. Persoa artesá:

Toda persoa física que realiza nun obradoiro artesán unha actividade económica recollida na Relación de Actividades Artesás de Galicia e que, mediante as súas habilidades, destrezas e capacitacións técnicas,





pode transformar a materia prima nun produto final de calidade de acordo co previsto no artigo 3.1 desta lei.

### 3. Obradoiro artesán:

Toda persoa física ou xurídica legalmente constituída e que forne unha unidade económica, ubicada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e realice unha actividade comprendida na Relación de Actividades Artesás de Galicia nos termos establecidos no artigo 3.1 desta lei.

Este recoñecemento outorgarase a través do título de obradoiro artesán, que se regula no artigo 6 desta lei.

### 4. Mestra artesá e mestre artesán:

Toda persoa que desempeña ou desempeñou unha actividade comprendida na Relación de Actividades Artesás de Galicia de xeito divulgativo ou profesional que posúa un gran dominio técnico do oficio, experiencia, méritos e mestría exercida na busca continua da excelencia.

Este recoñecemento outorgarase a través da distinción de mestra artesá e mestre artesán, que se regula no artigo 7 desta lei.

### 5. Asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais:

Toda asociación e federación profesional e empresarial artesanal de Galicia legalmente constituída, con ou sen ánimo de lucro, inscrita nos rexistros correspondentes, que agrupe maioritariamente a obradoiros artesáns ou a asociacións de obradoiros artesáns, que desenvolva a súa





actividade e teña o seu domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que nos seus estatutos se establezan como fins a protección, a comercialización, o fomento e a divulgación da artesanía galega ou outros fins de interese para o sector.

Este recoñecemento outorgarase a través da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal, que se regula no artigo 8 desta lei.

#### 6. Comercios de venda de Artesanía de Galicia:

Todo comercio de venda polo miúdo de Artesanía de Galicia, calquera que sexa a súa canle de comercialización, que cumpra cos requisitos establecidos na normativa reguladora do uso da marca Artesanía de Galicia.







## CAPÍTULO II

### Ordenación e regulación do sector artesanal galego

#### Artigo 4. *Modalidades das actividades artesanais*

1. As actividades artesanais clasifícanse nas seguintes modalidades por razón do seu contido principal:
  - a) Artesanía de carácter tradicional: pezas artesás realizadas con técnicas tradicionais conservando os seus trazos etnográficos e de identidade.
  - b) Artesanía artística ou de creación: obras ou traballos realizados con técnicas artesanais e cuxa peculiaridade son a creación, a singularidade e a innovación.
  - c) Artesanía de produción de bens de consumo: pezas producidas para satisfacer unha necesidade determinada.
  - d) Artesanía de servizos: actividades artesanais de reparación e de mantemento de produtos artesáns ou históricos, así coma os que presten servizos persoais ou complementarios a algunha actividade das recollidas na Relación de Actividades Artesás de Galicia.

Reglamentariamente, poderanse establecer outras modalidades de clasificación das actividades artesanais.





XUNTA DE GALICIA

2. As actividades artesanais poderán clasificarse en subsectores económicos cuxa definición, ampliación ou modificación establecerase por orde da consellería que ostente as competencias en materia de artesanía.
3. A adscrición das actividades artesanais a unha ou a varias modalidades ou, no seu caso, a subsectores económicos levarase a cabo segundo a Relación de Actividades Artesás de Galicia.





*Artigo 5. Relación de Actividades Artesás de Galicia*

1. A Relación de Actividades Artesás de Galicia é o conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais, clasificadas conforme á Clasificación Nacional de Actividades Económicas. Cada actividade económica indicará as diferentes modalidades definidas no artigo 4 desta lei nas que se encadra.
2. A Relación de Actividades Artesás terá o contido, a estrutura e a sistemática que se determine regulamentariamente e será elaborada e modificada mediante orde da consellería que ostente as competencias en materia de artesanía, á proposta da Comisión Galega de Artesanía.
3. A Relación de Actividades Artesás inscribírase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.





*Artigo 6. Recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesán*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de obradoiro artesán outorgarase mediante a expedición do título de obradoiro artesán pola consellería que ostente as competencias en materia de artesanía, a proposta da Comisión Galega de Artesanía, de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

2. O título de obradoiro artesán ten carácter voluntario e non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal. O recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesán leva implícita a acreditación de persoa artesá.

3. O título de obradoiro artesán outorgarase aos obradoiros artesanais definidos no artigo 3.3 desta lei que reúnan os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que, no seu caso, se establezan regulamentariamente:

- a) Que a persoa artesá responsable da actividade produtiva sexa a que dirixa ou controle a totalidade do proceso produtivo, asegurando o carácter artesán do produto.
- b) Que a persoa titular da unidade económica estea dada de alta no Imposto de Actividades Económicas e no réxime que corresponda da Seguridade Social. E, ademais, que estea ao día





no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e coa Administración pública da comunidade autónoma.

- c) Que o número de persoas traballadoras empregadas non exceda de dez.

Excepcionalmente, a Comisión Galega da Artesanía, en atención á natureza da actividade desenvolvida, poderá propoñer obradoiro artesán aquel que, aínda superando o número de persoas traballadoras establecidas no parágrafo anterior, cumpra os outros requisitos previstos.

4. Tamén poderán obter o título de obradoiro artesán aquelas unidades de carácter cooperativo ou asociativo que se dediquen á elaboración e comercialización de produtos artesanais sempre que cumpran os requisitos do apartado anterior e os que se establezan regulamentariamente.

5. As persoas que realicen, por conta allea, unha actividade artesanal nun obradoiro obterán a acreditación de persoa artesá nos termos que se establezan regulamentariamente.

6. O título de obradoiro artesán ten unha vixencia de 5 anos desde a data da súa expedición, coa posibilidade de renovación de acordo co procedemento establecido regulamentariamente sempre que se manteñan os requisitos establecidos no apartado 3. Perderá a súa validez:





- a) Por baixa voluntaria, por xubilación, por falecemento da persoa artesá responsable da actividade produtiva ou titular da actividade ou por extinción da personalidade xurídica da empresa.
- b) Por incumprimento ou non mantemento dos requisitos establecidos para o seu outorgamento, previo expediente instruído ao efecto á proposta da Comisión Galega de Artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.

7. A obtención do título de obradoiro artesán supón os seguintes beneficios:

- a) Participar nas convocatorias de concesión de subvencións e de axudas relacionadas co exercicio da actividade artesanal que sexan convocadas pola consellería competente en materia de artesanía, así como nos procedementos de concesión directa.
- b) Participar nos eventos de interese artesanal organizados ou financiados pola consellería competente en materia de artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.
- c) Ser beneficiario do uso da marca Artesanía de Galicia de conformidade co disposto na normativa reguladora da marca.
- d) Calquera outro beneficio que se estableza regulamentariamente.

8. O título de obradoiro artesán inscribírase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.





*Artigo 7. Recoñecemento oficial da condición de mestra artesá e mestre artesán: distinción de mestra artesá e mestre artesán*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de mestra artesá e mestre artesán outorgarase mediante a distinción de mestra artesá e mestre artesán a proposta da Comisión Galega de Artesanía, previa convocatoria pública da consellería que ostente as competencias en materia de artesanía de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.
2. A distinción de mestra artesá e mestre artesán é unha distinción persoal e intransferible que será outorgada a aquelas persoas que fixeron dunha actividade artesanal a súa profesión para darlle continuidade a un ou a máis oficios artesanais de acordo co disposto no artigo 3.4 desta lei.
3. A distinción de mestra artesá e mestre artesán ten carácter voluntario e non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal.
4. Distínguense dúas modalidades:
  - a) Distinción de mestra artesá e mestre artesán profesional: esta modalidade reconece a mestría no exercicio dun oficio. Para o seu recoñecemento son indispensables os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que, no seu caso, se establezan regulamentariamente:
    - Ter máis de 20 anos de exercicio do oficio.





- Exercer ou ter exercido o oficio nun obradoiro artesán propio ou por conta allea.
- Presentar, polo menos, 2 cartas de apoio de asociacións profesionais e empresarias artesanais e 3 cartas de apoio de obradoiros artesanais rexistrados, nos termos establecidos regulamentariamente.

b) Distinción de mestra artesá e mestre artesán divulgativo: esta modalidade reconece a capacidade de transmisión dos coñecementos do oficio mediante a docencia ou outro medio pedagóxico. Para o seu recoñecemento son indispensables os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que, no seu caso, se establezan regulamentariamente:

- Ter máis de 20 anos de experiencia divulgativa.
- Presentar, polo menos, 2 cartas de apoio de asociacións profesionais e empresarias artesanais e 3 cartas de apoio de obradoiros artesanais rexistrados, nos termos establecidos regulamentariamente.

5. A distinción de mestra artesá e mestre artesán ten unha validez permanente. Non obstante, perderá a súa validez no caso de renuncia ou falecemento do titular.

6. A distinción de mestra artesá e mestre artesán inscribírase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.







*Artigo 8. Recoñecemento oficial de asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, outorgarase pola consellería que ostente as competencias en materia de artesanía, a proposta da Comisión Galega de Artesanía, de acordo co artigo 3.5 desta lei e co procedemento establecido regulamentariamente.

2. A obtención do recoñecemento oficial de asociación e federación profesional e empresarial artesanal supón os seguintes beneficios:

- a) Participar nas convocatorias de concesión de subvencións e axudas relacionadas co desenvolvemento dos seus fins e que sexan convocadas pola consellería competente en materia de artesanía, así como nos procedementos de concesión directa.
- b) Participar nos eventos de interese artesanal organizados ou financiados pola consellería competente en materia de artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.
- c) Calquera outro beneficio que se estableza regulamentariamente.

3. As asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais de Galicia inscribíranse no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.





*Artigo 9. Puntos de especial interese artesanal*

1. Poderanse declarar puntos de especial interese artesanal co fin de activar e promover os territorios e a súa artesanía así como recuperar, conservar e divulgar as manifestacións artesanais de especial singularidade.

2. Distínguense dúas categorías:

a) Zona de especial interese artesanal:

Terá a consideración de zona de especial interese artesanal o territorio formado por un ou varios municipios ou parte dos mesmos que conte cun colectivo artesanal activo e homoxéneo onde os oficios propios estean relacionados co territorio, o procedemento e o produto, ou que teña unha tradición artesanal de longo percorrido ou de recoñecemento histórico.

b) Obradoiro de especial interese artesanal:

Terá a consideración de obradoiro de especial interese artesanal o obradoiro definido no artigo 3.3 desta lei que veña desenvolvendo a súa actividade cun marcado interese cultural e territorial e no que concorran especiais características de tradición, innovación, produción ou comercialización.





## XUNTA DE GALICIA

3. O recoñecemento de puntos de especial interese artesanal efectuarase pola consellería competente en materia de artesanía previo informe preceptivo da Comisión Galega de Artesanía e de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.
4. Os puntos de especial interese artesanal inscribíranse no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.






### CAPÍTULO III

#### Marca Artesanía de Galicia

##### Artigo 10. *Marca Artesanía de Galicia*

1. A marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, é un distintivo que identifica aos obradoiros artesanís da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca se elaborou nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.
2. O distintivo da marca Artesanía de Galicia ten por finalidade
  - a) Dotar á artesanía galega dunha imaxe que a distinga e identifique a súa procedencia.
  - b) Promover a difusión da artesanía de Galicia e fomentar a súa comercialización.
  - c) Protexer e manter o prestixio das/os profesionais da artesanía de Galicia e das súas obras.
  - d) Informar ás persoas consumidoras sobre a produción artesanal.
  - e) Apoiar os puntos de venda ofrecendo a información necesaria que a diferencie no mercado.
3. A concesión, o uso e o control da marca Artesanía de Galicia regularase por orde da consellería competente en materia de artesanía.





XUNTA DE GALICIA

4. Sen prexuízo do anterior, a consellería competente en materia de artesanía poderá crear outros distintivos que acrediten a calidade e a identificación do sector artesanal galego nos termos establecidos regulamentariamente.





## CAPÍTULO IV

### **Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia**

#### *Artigo 11. Comisión Galega de Artesanía*

1. A Comisión Galega de Artesanía é o órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía, así como de participación e de representación do sector artesanal da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A Comisión Galega de Artesanía queda adscrita á consellería que ostente as competencias en materia de artesanía.
3. A Comisión Galega de Artesanía está integrada polos seguintes membros:
  - a) Presidente/a: a persoa titular da consellería competente en materia de artesanía.
  - b) Vicepresidente/a: a persoa titular da dirección xeral competente en materia de artesanía.
  - c) Vocais:
    - 1 persoa representante da Fundación Pública Artesanía de Galicia.
    - 1 persoa representante da dirección xeral competente en materia de artesanía.
    - 1 persoa representante da dirección xeral competente en materia de comercio.





- 1 persoa representante da consellería competente en materia de educación.
- 1 persoa representante da consellería competente en materia de cultura.
- 1 persoa representante da consellería competente en materia de emprego.
- 1 persoa representante da consellería competente en materia de turismo.
- 4 persoas inscritas no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia designadas polas asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais legalmente constituídas inscritas no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.
- 4 persoas elixidas entre todos os obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, unha persoa funcionaria da dirección xeral competente en materia de artesanía co nivel mínimo de xefe/a de sección.

A designación dos membros da Comisión Galega de Artesanía e o seu funcionamento serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

4. As funcións da Comisión Galega de Artesanía son as seguintes:
- a) Proponer a inclusión e a modificación de actividades na Relación de Actividades Artesás de Galicia.
  - b) Proponer a expedición e perda de validez dos títulos de obradoiro artesán.
  - c) Proponer a distinción de mestra artesá e mestre artesán.





XUNTA DE GALICIA

- d) Propoñer o recoñecemento da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal.
- e) Propoñer á Administración autonómica disposicións e actuacións dirixidas ao fomento, á protección, á promoción e á comercialización da artesanía.
- f) Calquera outra función que se determine nesta lei ou se estableza regulamentariamente.







## Artigo 12. *Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia*

1. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de natureza administrativa e carácter público e gratuito, é único para a Comunidade Autónoma de Galicia e está adscrito á Consellería competente en materia de artesanía a través do centro directivo competente na materia.
2. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia ten por finalidade o coñecemento por parte da administración da realidade do sector, non só para o control dos recoñecementos administrativos da actividade artesanal senón tamén para a mellora e a planificación e a coordinación das actuacións dirixidas á súa promoción e desenvolvemento.
3. Os datos contidos nos recoñecementos outorgados segundo o disposto nesta lei inscribíranse de oficio no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Os ditos datos, a excepción dos de carácter persoal, teñen carácter público e estarán dispoñibles no portal web da Administración autonómica.
4. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia consta, como mínimo, das seguintes seccións:
  - a) Título de obradoiro artesán.
  - b) Distinción de mestra artesá e mestre artesán.
  - c) Asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais.
  - d) Relación de Actividades Artesás de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

- e) Comercios de venda de Artesanía de Galicia.
- f) Puntos de especial interese artesanal.

5. Os procedementos de inscrición, baixa ou modificación no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia así como a organización das seccións das que conste serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

6. Procederase á cancelación de oficio nos supostos de perda da validez do recoñecementos oficiais de acordo co previsto nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.





XUNTA DE GALICIA

## CAPÍTULO V

### Fundación Pública Artesanía de Galicia

#### Artigo 13. *Fundación Pública Artesanía de Galicia*

A Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e patrimonio propio que ten por finalidade dotar ao sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais de Galicia.





Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Queda derogada a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de Artesanía de Galicia e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei.
2. Manteñen a súa vixencia, no que non resulte incompatible coa presente lei, as disposicións de carácter xeral ditadas en materia de artesanía en tanto non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento da presente lei que as substitúan.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

A Xunta de Galicia, no prazo dun ano, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Deportes





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Sanz Arias, Marta Nóvoa Iglesias, Jose Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereza Fraiz, Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Jose Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de consolidar un modelo de minaría galega, sustentable e responsable desde o punto de vista ambiental, que sexa capaz de garantir a subministración de materias primas estratéxicas á nosa industria.

### Exposición de motivos

O pasado 16 de marzo de 2023 a Comisión Europea presentou a proposta para crear unha Lei de Materias Primas Críticas, que busca garantir o aceso da Unión Europea (UE) a unha subministración segura, diversificada, alcanzable e sostible de materiais importantes para a transición dixital e verde como son o litio, o cobalto, o níquel, o cobre ou os terras raras, entre outros.

O Regulamento busca diversificar a subministración de cada unhas destas materias primas estratéxicas e que, a partir de 2030, a Unión Europea non dependa máis do 65% dun único terceiro país. Neste sentido, tamén establece referencias claras con relación ás capacidades nacionais ao longo da cadea de subministración: aproximarse ou alcanzar polo menos o 10% da demanda nacional de materiais estratéxicos para a minería e a extracción -cando as reservas da UE o permitan -, polo menos o 40% para a transformación e o refinado, e polo menos o 15% para a reciclaxe.

Deste xeito, a lei reducirá a carga administrativa e simplificará os procedementos de concesión de permisos para proxectos de materias primas críticas na UE.

Ademais, os proxectos estratéxicos seleccionados beneficiaranse de axudas para o acceso ao financiamento e de prazos de autorización máis curtos (24 meses para os permisos de extracción e 12 meses para os de transformación e reciclaxe). Así mesmo, os Estados membros terán que desenvolver programas nacionais de exploración de recursos xeolóxicos, todo elo para mitigar os riscos de falta de subministración.





En Galicia xa se está a traballar nesta liña. De feito, a Axenda de impulso da minaría sustentable aprobada pola Xunta de Galicia en 2022 – en consenso co sector - ten como obxectivos a compatibilidade co medio ambiente, o desenvolvemento do medio rural, o aproveitamento racional ordenado e eficiente dos recursos, o impulso dos minerais estratéxicos esenciais para o tecido industrial, así como a promoción do desenvolvemento económico e social.

Tratase de consolidar o modelo de minaría galega: sustentable, responsable e con futuro, para modernizar as principais cadeas de valor da nosa industria e para garantir a subministración de produtos e servizos esenciais. Por exemplo, cómpre recordar que os teléfonos móbiles precisan de cobre, litio ou ouro, que as resonancias magnéticas precisan de cobre, prata e ouro, e mesmo que os respiradores esenciais para os enfermos máis graves da covid, teñen na prata un compoñente fundamental.

Polo tanto, cómpre reivindicar o valor do sector mineiro e dar visibilidade ao seu papel estratéxico na creación de emprego e riqueza en Galicia, así como para avanzar no progreso e benestar da sociedade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir defendendo unha tramitación garantista e respectuosa co medio ambiente dos proxectos mineiros na Comunidade galega, que garanta que aquelas iniciativas, especialmente as relativas a materias primas fundamentais ou minerais críticos segundo os plans e programas europeos, cumpran cos requisitos exixidos tanto na normativa estatal como na autonómica”.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/04/2023 18:15:55**

**Cristina Sanz Arias na data 20/04/2023 18:16:09**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 20/04/2023 18:16:21**

**José Antonio Armada Pérez na data 20/04/2023 18:16:36**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)







**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/04/2023 18:19:47  
**Nº Rexistro: 52994**  
Data envío: 20/04/2023 18:19:47.808

**Ana Belén García Vidal na data 20/04/2023 18:16:53**

**Pardo López, Adrián na data 20/04/2023 18:17:06**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 20/04/2023 18:17:16**

**Borja Vereza Fraiz na data 20/04/2023 18:17:25**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/04/2023 18:17:39**

**Carmen María Pomar Tojo na data 20/04/2023 18:17:48**

**Ramón Carballo Páez na data 20/04/2023 18:18:01**

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/04/2023 18:18:17**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/04/2023 18:18:29**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/04/2023 18:18:40**

**María Belén Salido Maroño na data 20/04/2023 18:18:52**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A pandemia da covid-19 fixo translúcidos problemas de base en canto ao modelo de coidados en Galicia. En concreto a chamada Lei de dependencia marca seis meses como máximo para a propia resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda de máis do dobre do que a Lei permite, superando a media estatal.

Ademais nun recente estudo constatouse unha vez máis que Galicia é das CC.AA que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España nos informes dos últimos anos.

Datos moi preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda trala crise socio económica motivada pola pandemia e na actualidade marcada pola inflación. En concreto o XXII Observatorio da Dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais pon de manifesto que Galicia é unha das CC.AA que peor posición ocupa de toda España en moitos parámetros da valoración do dito Observatorio Estatal para a Dependencia. Onde indican que:

“Un total de 3.271 galegos e galegas están á espera de atención á dependencia e hai 618 persoas pendentes de valoración, segundo o *XXIII Dictamen del Observatorio Estatal de la Dependencia*, elaborado pola *Asociación de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales*.”



Hai máis dun ano a Consellería de Política Social anunciaba un proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia na provincia de Ourense, e tempo despois anunciaba medidas para toda Galicia. Sería importante coñecer se existiu un incremento de persoal nos equipos de valoración de dependencia e resolución de PIA, e o número exacto de traballadores adicionais. Hai que ter en conta que o deixar de facer as valoracións de xeito presencial, feito que aconteceu trala pandemia e demorouse no tempo, polo menos ata outubro de 2021, pódese intuír un aumento na axilidade das resolucións, pero en detrimento da propia calidade das valoracións. Por iso, é importante que a cidadanía coñeza con exactitude se a Consellería investiu en persoal para saber se os resultados varían a consecuencia do dito investimento ou polo efecto das valoracións telefónicas.

A Consellería anunciou o dito plan de choque en dependencia enmarcado no estatal para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto, especificaba:

- Implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes. Deseñando un único procedemento do recoñecemento de dependencia así como o Programa Individual de Atención.
- Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorarase o modelo de xestión de citas, entre outras medidas, segundo a Consellería de Política Social.

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal é o investimento para lograr reducir as listas de espera, e en canto ao incremento do número de persoas técnicas dos equipos de valoración saber cantos deles responden a contratos laborais indefinidos e cantos temporais. A propia conselleira afirmou



que incrementarían o persoal, polo que é urxente un informe detallado del onde se aclare se todos os técnicos corresponden a contratación a cargo de fondos europeos e á súa duración.

Sería importante ademais coñecer mediante un informe elaborado pola Consellería de Política Social, cantos cambios de PIA de oficio mudaron libranzas na contorna familiar por SAF en Galicia dende o ano 2010 ata o momento. Así como, as prazas vacantes en centros de día e residencias por provincias.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que a través da Consellería de Política Social:

1. Incremente o número de persoal que traballa nos EVD (Equipos de Valoración de Dependencia) e resolvendo os PIA (Programa Individual de atención) para mellorar os tempos de resolución e reducir as listas de espera mediante contratos que garantan a estabilidade do persoal a longo prazo, remitindo un informe detallado sobre dito incremento do persoal en dependencia e o tipo e duración do contrato dende o 2021.
2. Realice un informe detallado das listas de agarda por provincias que inclúan os expedientes que non están gravados no sistema de dependencia, así como o tipo de PIA e as prazas vacantes de centros de día e residencias por provincia.
3. Realice un informe sobre o número de cambios de PIA de oficio por parte da administración dunha libranza a un servizo de SAF dende o ano 2010 ata a actualidade.





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/04/2023 11:38:58  
**Nº Rexistro: 52779**  
Data envío: 14/04/2023 11:38:58.570

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 14/04/2023 11:29:55**

**Julio Torrado Quintela na data 14/04/2023 11:30:10**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/04/2023 11:30:22**

CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  **981.55.15.30**  
190551

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración por parte do Goberno galego dos resultados de execución e modificacións de crédito dos Orzamentos Xerais de Galiza do ano 2022 a 31 de decembro de 2022.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o goberno galego remitiu, conforme estipula o marco legal, os datos definitivos de execución e modificacións de crédito dos Orzamentos Xerais de Galiza do ano 2022 a 31 de decembro de 2022. É necesario, polo tanto, máis alá da cuestión numérica, que o goberno galego faga unha valoración da súa xestión e dos seus resultados, toda vez que o orzamento é unha das ferramentas máis significativas que ten un goberno para impulsar as súas políticas.

Analizadas as contas, podemos observar a permanencia dalgunhas das súas eivas tanto de execución como de planificación ou de enfoque. Isto mesmo podemos afirmalo respecto das contas xerais da comunidade avaliadas polo Consello de Contas, que fan prever un resultado similar para este exercicio, aínda que de momento coñezamos só a de 2020.

O nivel global de execución dos orzamentos 2022 das consellarías a 31/12/2022 foi dun 90,6%. Sumando o resto de seccións, a execución foi do 89,4%, deixándose sen executar 1.458 M€. Entre as seccións con menor nivel relativo de execución están,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

como en exercicios precedentes, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Emprego e Igualdade, Economía, Empresa e Innovación, Mar, Medio Rural, e Infraestruturas e Mobilidade. En termos absolutos deixaron-se de executar 232 M€ en Emprego e Igualdade, 165 M€ en Medio Rural, 153 M€ en Medio Ambiente, 137 M€ en Economía, 132,7 M€ en Sanidade, etc.

Canto aos capítulos, como en anos anteriores, constatamos a baixa execución relativa dos capítulos de transferencias de capital e de investimentos reais. Canto aos programas, non superan un nivel de execución do 50% programas relacionados con vivenda, formación profesional de ocupadas/os e desempregadas/os, protección social, e outros relacionados con a pesca e o sector agroalimentario ou a eficiencia enerxética. Entre o 50% e o 75% de execución volvemos atopar programas relacionados con a pesca e o agro, alén doutros relacionados coa economía social, a competitividade e a innovación tecnolóxica, o territorio e as infraestruturas, a administración local, o urbanismo ou os transportes.

No que respecta ás modificacións de crédito, cabe recordar que consisten na diferenza entre o crédito inicial e o crédito final, denominado “vixente” e que poden ser de varios tipos: transferencias de crédito, ampliacións de crédito, xeración de crédito, baixas, reposicións, etc. Se atendemos a clasificación por seccións ou consellarías, observamos unha diminución dos créditos iniciais nas consellarías de Infraestruturas e Mobilidade, -23,1%; Mar con -20,4%; Economía, Empresa e Innovación con -12,5%; Medio Rural cun -4,7% e Presidencia cun -3,7%. Doutro lado destacar o aumento dos créditos iniciais nas consellarías de Emprego e Igualdade nun +26%; Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cun +17,4%, consellaría que inclúe algúns dos programas con menor execución, Sanidade cun +10,9%, a Vicepresidencia 1ª e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo cun +6,6%, Facenda con +5,6%, Cultura Educación e Universidades cun +2,7% e Política Social con +0,9%.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Canto ás modificacións de crédito por capítulos, en consonancia cos niveis de execución, salientamos a diminución dos créditos iniciais para Investimentos Reais e para Transferencia de Capital. Canto ás modificación de crédito por programas, entre os programas afectados por unha variación de crédito negativa atopamos programas relacionados con planificación e xestión hidrolóxica, con áreas de pesca, prevención do abandono escolar, promoción social de novo a investigación e innovación, o rural, o medio ambiente, infraestruturas, etc.

É necesario facer unha valoración global da execución dos orzamentos de 2022, das súas modificacións máis relevantes e do grao de cumprimento dos obxectivos previstos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Cumprir coa posta a disposición dos grupos parlamentarios e da sociedade galega de forma dilixente e completa da información orzamentaria segundo se regula na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e nas propias leis anuais de orzamentos, sinaladamente a Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

2. Elaborar un calendario de cumprimento e posta en marcha das recomendacións orzamentarias sistematicamente incumpridas polo goberno galego, especialmente aquelas que anualmente remite o Consello de Contas en cada informe respecto da Conta Xeral.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Elaborar unha auditoría independente respecto das consellarías, seccións e programas con menor grao de execución e con maiores modificacións orzamentarias, con especial atención ás que se repiten habitualmente en cada exercicio.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2023 12:18:10**

**Daniel Pérez López na data 17/04/2023 12:18:16**

**Ramón Fernández Alfonso na data 17/04/2023 12:18:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 12:18:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Mercedes Queixas Zas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao seguimento da execución dos investimentos anunciados no Castelo de Monterrei ao abeiro do Plan Xacobeo Nex Generation.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O castelo de Monterrei é unha acrópole que constitúe a principal vila fortificada do país, declarada Monumento polo Estado xa en 1931 e que ademais é Ben de Interese Cultural. Este castelo foi protagonista de intensas reivindicacións por parte da veciñanza da comarca, tanto polo abandono do Concello e da Xunta durante décadas como polo feito de que **despois dun importante investimento público fose cedido a Paradores para a súa explotación hoteleira durante nada máis nin nada menos que 75 anos.**

**Máis aínda, nos últimos anos foi protagonista de novas polémicas, como a “actuación” na calzada romana, que foi tapada por cemento no lugar de facer outro tipo de aproveitamento e custodia, para despois ter que rectificar parcialmente esta decisión e licitar a restauración do camiño real no 2021.** Aínda así, na liña de demoras e incumprimentos habitual por parte do goberno galego, hai escasas semanas a Xunta anunciaba que aínda rematará a restauración do Camiño Real no acceso á Fortaleza de Monterrei esta primavera.

O 13 de decembro de 2022 o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciaba nunha visita ao monumento a súa inclusión no Plan Xacobeo Next Generation, dotado





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

con máis de 30 millóns de fondos europeos e que inclúe actuacións nunha ducia de Bens de Interese Cultural. Nesa ocasión o Presidente anunciou que a intención do goberno galego era licitar as obras ao inicio do 2023 para logo levar a cabo un traballo dividido en dúas fases; a primeira, coa recuperación dos edificios do Cuartel de Infantería, o antigo Concello e o Colexio de San Xoán; e a segunda, con actuacións adicionais na Praza do Mercado e na Praza de Armas para poñer en valor os seus usos turísticos.

É preciso facer seguimento da planificación e execución orzamentaria deste Plan, e profundar na súa transparencia, pois a información accesible é limitada e reducida ás notas de prensa do goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a remitir toda a información relativa ao proxecto de rehabilitación da acrópole Monterrei incluíndo de forma especial a información orzamentaria: elementos aos que se van destinar os recursos económicos dos fondos europeos, indicando o seu uso público ou privado, execución, cronograma, contratos realizados e previsións temporais.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2023 12:55:49**

**Mercedes Queixas Zas na data 17/04/2023 12:55:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 12:56:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO 303 é unha estrada de titularidade autonómica que atravesa a parroquia de Samieira, no concello de Poio.

Trátase dun vial con moito tránsito e que carece das medidas de seguridade e accesibilidade máis básicas como beirarrúas, sistemas de calmado de tráfico, pasos de peóns, etc. A tráfico intenso, as altas velocidades, o trazado sinuoso e en pendente, a presenza de casas á beira da estrada, a existencia de paradas de bus ás que teñen que acceder todos os días as nenas e nenos son circunstancias que inciden na falta de seguridade e no risco, sobre todo para persoas se desprazan a pé e en bici.

Por estes motivos, a veciñanza leva tempo reclamando a mellora integral da estrada e o pleno do concello aprobou por unanimidade, o pasado mes de decembro, un acordo no que se insta á Xunta a levar a cabo a mellora integral da PO-303 ao paso por Samieira. No texto aprobado facíase referencia ao agravio que supón que no treito correspondente ao concello de Meaño si se levaron a cabo actuacións de mellora da seguridade viaria e da accesibilidade, mentres que na zona de Poio non.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pasados catro meses desde a adopción do acordo e diante da falta de resposta da Xunta, a veciñanza comezou o pasado domingo 17 de abril unha serie de mobilizacións para demandar a mellora integral da PO-303.

Desde o BNG queremos facernos eco das xustas demandas da veciñanza e da corporación municipal, co obxecto de que a Xunta de Galiza estude as actuacións viábeis na estrada e elabore un proxecto de mellora integral da PO-303 en Samieira, centrado na seguridade viaria, na accesibilidade e na protección da mobilidade peonil e ciclista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a aprobar e adxudicar, no prazo máis rápido posíbel, un proxecto de mellora integral da PO-303 ao paso por Samieira, dotando a estrada de medidas de seguridade viaria e accesibilidade como beirarrúas, beiravías, pasos de peóns, medidas de calmado do tráfico, etc.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 17/04/2023 13:07:11**

**Paulo Ríos Santomé na data 17/04/2023 13:07:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/04/2023 13:07:28**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás actuacións que debe impulsar o goberno galego para evitar que os concellos galegos reciban cada vez menos recursos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galiza.

### Exposición de motivos

Recentemente coñeciamos os datos do Informe de Fiscalización Fondos Europeos que elaborou o Consello de Contas respecto do exercicio 2020. Neste informe, na liña dos anteriores, salienta negativamente a evolución da participación dos concellos galegos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galiza.

Dito informe sinala que 245 Concellos recibiron pagos por valor de 13.415.284,79€. Prodúcese así un aumento respecto ao exercicio anterior no número de Concellos beneficiarios (210 en 2019) e pola contra unha diminución na cantidade percibida (14.224.253,41€ no exercicio 2019). Sobre o total dos Fondos Europeos percibidos por Galiza (679.464.897,40€) no exercicio 2020 o recibido polos concellos representa o 1,97% do total, en 2019 o recibido polos concellos representou o 2,64% do total (539.480.687,41€).

Neste informe sinálase tamén que mentres os pagos realizados a todos os beneficiarios de Fondos Europeos pasaron de 539.480.687,41€ do exercicio anterior,







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

a 679.464.897,40€, cun aumento do 25,95% (139.984.209,99€), pola contra no caso dos concellos produciuse unha diminución do 5,69% (808.968,62€). Isto quere dicir uqe mentres que de forma xeral aumentan os pagos en correspondencia ao avance e peche de proxectos correspondentes ao marco financeiro actual 2014-2020, no caso dos concellos non se reflicte a mesma tendencia.

O consello considera que na serie histórica consolídase a tendencia baixista iniciada xa nos exercicios 2016 e que continua ata o exercicio actual e que se nos exercicios anteriores 2015 e 2014 se produciu unha alza foi debida a que se prorrogaron os pagos con cargo aos proxectos do marco 2007-2013. Confírmase así a serie histórica descendente no actual exercicio, xa que desde que a participación dos concellos alcanzou o máximo no exercicio 2014 do 4,69%, esta non deixou de diminuír.

Tal e como se sinala no informe “Desde o Consello de Contas, vense recomendando unha maior presenza de proxectos europeos no financiamento de programas de actuacións municipais, de forma que este tipo de entidades públicas poida beneficiarse dunha forma máis ampla das distintas iniciativas europeas.” mais o certo é que a Xunta de Galiza non vén actuando ao respecto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas para corrixir a baixada histórica na participación dos concellos galegos dos fondos europeos da súa xestión impulsando unha mesa de traballo coa FEGAMP para acordar medidas en coordinación coas recomendacións do Consello de Contas. Dita mesa terá un funcionamento periódico, contará cun cronograma para o aumento da participación e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

renderá contas do seu traballo. Preveranse, ademais, criterios de reequilibrio territorial que favorezan a participación de máis concellos, corrixindo as lagoas territoriais que existen na actualidade.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 16:27:02**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/04/2023 16:27:12**

**Daniel Pérez López na data 17/04/2023 16:27:24**

**Ramón Fernández Alfonso na data 17/04/2023 16:27:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/04/2023 17:21:20**  
**Nº Rexistro: 52837**  
Data envío: 17/04/2023 17:21:20.319

**Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2023 16:27:53**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey** e **Pablo Arangüena Fernández**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu **debate en Pleno**.

Hai uns días a entidade Sogama, que xestiona a maior parte dos residuos no territorio galego, sacou a licitación un contrato cuxo obxecto consistía nun servizo de asesoramento na definición da folia de ruta de Sogama (2024-2030) e asistencia técnica na definición e seguimento dela.

A razón do contrato basease na necesidade de abordar con urxencia o desafío climático e ambiental e que Galicia se sume á transformación prevista no Pacto Verde Europeo.

Este contrato ten un valor estimado de 884.776,10 € máis IVA.

Por outra banda, a Xunta de Galicia aprobou no ano 2019 a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 que tiña como finalidade establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático e contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global nesta materia.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a necesidade de que Sogama externalice o traballo consistente en establecer unha folia de ruta de cara o cumprimento dos obxectivos marcados pola UE, evidencia o fracaso da Estratexia Galega, e polo tanto solicitamos que no canto de externalizar este servizo, se revise para adecuala á Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio



climático e transición enerxética co fin de elaborar unha estratexia conxunta, transversal e adecuada á normativa estatal.

Galicia ten que ter unha estratexia conxunta e transversal que marque o camiño de cara ao cumprimento do Pacto Verde Europeo e esta ten que incluír a xestión de residuos como parte fundamental deste proceso de transformación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a suspender a licitación do servizo de asesoramento para a definición da folla de ruta e Plan Estratéxico de Sogama e incluír na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 unhas liñas de actuación para que Sogama aborde con urxencia o desafío climático e ambiental previsto no Pacto Verde Europeo.

Parlamento de Galicia, 17 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/04/2023 16:55:45**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/04/2023 16:55:59**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/04/2023 16:56:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o compromiso do goberno galego de garantir a accesibilidade para persoas con diversidade funcional no servizo de transporte público metropolitano por estrada na comarca da Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No grupo parlamentario do BNG continuamos a recibir queixas das usuarias vinculadas ao servizo do transporte público metropolitano por estrada.

Os novos autocarros que circulan pola área metropolitana da Coruña indican claramente que son accesíbeis para persoas con diversidade funcional, porén están a rexeitar o acceso a persoas en cadeira de rodas, argumentando que os cintos de seguranza non están adaptados nos asentos a estas persoas.

Esta circunstancia é lamentábel, xa que a concesión foi anovada en datas recentes, do que se deduce que ou ben a Xunta deu pouca relevancia á accesibilidade como criterio prioritario na adxudicación dos novos contratos ou ben a Xunta non supervisa a accesibilidade das liñas por ela aprobada e fai abandono das súas funcións máis elementais.

En días pasados, persoas do BNG de Oleiros como testemuñas presenciais, comprobaron in situ como empresas concesionarias do transporte colectivo na comarca da Coruña impediron até en dúas ocasións e en liñas diferentes a un rapaz en cadeira de rodas o acceso a un autobús con destino ou tránsito por Oleiros.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As razóns esgrimidas polos condutores de ambos os dous autobuses, de recente matriculación, foron que os vehículos non dispuñan de cinto de seguranza para persoas con mobilidade reducida. Porén, os buses tiñan sinalizado no seu frontal que eran aptos para persoas con mobilidade reducida.

A persoa discriminada manifestou a súa perplexidade e disconformidade, perante a cal un dos condutores indicou que debía el traer o cinto da casa.

A non accesibilidade é unha constante neste tipo de transportes; as dificultades descritas súmanse as limitacións relacionadas coa accesibilidade nalgúns dos buses con que as concesionarias cobren os servizos que atravesan o concello de Oleiros: vehículos con escaleiras moi empinadas, sen rampa para persoas con dificultades de mobilidade, sen espazo para persoas con diversidade funcional ou carriños de bebé...

A accesibilidade, en definitiva, brilla pola súa ausencia, e o transporte está pensado case exclusivamente para persoas sen necesidade complementaria ningunha e en pleno uso de todas as súas funcións.

Unhas limitacións que se veñen engadir a outras que a veciñanza de Oleiros padece; liñas de autobús que van saturadas, tendo que ir de pé en horas punta pola negativa das empresas concesionarias a reforzar o servizo con máis vehículos, atrasos continuos, traxectos que por veces superan a hora de duración, etc.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a adoptar canto antes as medidas necesarias para garantir o dereito de accesibilidade universal no transporte público metropolitano da comarca da Coruña.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2023 10:25:17**

**Paulo Ríos Santomé na data 18/04/2023 10:25:22**

**Mercedes Queixas Zas na data 18/04/2023 10:25:33**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar o *plan galego para a mobilización da vivenda baleira* para intervir sobre a mesma e garantir a súa función social.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é a Comunidade que conta cunha maior porcentaxe de vivenda baleira do Estado ao alcanzar o 18,6%. O censo de vivenda elaborado en 2011 polo INE cifraba o conxunto nun total de 300.000 unidades. De feito, o 8,7% do total das vivendas baleiras de todo o estado atópanse en Galiza.

O censo de 2021 que elaborou o INE e que está á espera de ser publicado, terá unha metodoloxía diferente ao anterior, mediante a implantación dun Ficheiro Censal de vivendas e a substitución, ademais, da clasificación de vivendas non principais- en secundarias e baleiras - por unha nova baseada nos consumos. Por tanto, unha futura comparativa de datos entre un e outro censo puidera reflexar variacións importantes e unha lectura distorsionada da evolución. Para alén dos datos do Estado, a Xunta de Galiza carece de datos propios, xa que o único informe realizado polo Observatorio da Vivenda de Galiza en 2019, apenas reutiliza datos do propio INE de 2011. Por tanto, resulta complicado cuantificar o problema.

En todo caso, é unha realidade que a presenza de vivenda baleira e desocupada en Galiza segue a ser un problema e que a situación dende 2011 non ten mudado de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

forma substancial. Á espera de que saia publicado o novo censo de 2021, hai un dato que é xa coñecido: o censo de poboación de Galiza descendeu dende o 2011 ao 2021 un 2,7%, o que supón case 100.000 persoas menos. En xeral o censo de poboación tendeu a estancarse en todo o territorio. Así, o excedente de parque inmobiliario en relación coa poboación non puido mellorar pola vía dunha maior demanda.

Tampouco a Xunta de Galiza ten aplicado medidas útiles en todos estes anos para tratar de reverter esta situación. Todas as políticas en materia de vivenda baleira resultaron ser un fracaso estrepitoso. Dende o programa de vivendas baleiras, até o Censo de vivenda baleira, pasando polas axudas para a súa mobilización, todas e cada unha das medidas implantadas pola Xunta acadaron resultados realmente pésimos ou nulos.

Mentres tanto, a accesibilidade á vivenda segue a ser un dos problemas sociais principais. Esta dupla condición de xente sen casa e casas sen xente é o que impulsou a diversas CCAA e a outros estados a impulsar políticas que interveñan sobre a vivenda baleira e ao mesmo tempo procuren paliar os déficits estruturais en materia de dereito á vivenda e nomeadamente en materia de vivenda pública.

Os eixos comúns desta nova política son a consideración de que a vivenda ten unha función social. É dicir, que un propietario tamén ten unha serie de obrigas coa sociedade. Coinciden na implementación de medidas de presión fiscal para fomentar que esas vivendas se poñan no mercado libre e disuadir aos propietarios de deixalas baleiras. Tamén comparten a idea de dirixir unha parte da vivenda baleira a mellorar o acceso á vivenda, mediante programas públicos que fomentan que o propietario poña a vivenda a prezos asequibles. Ademais, son políticas que distinguen o tipo de propietario: non poden ter o mesmo tratamento un pequeno propietario que unha entidade financeira, porque as causas que motivan a deturpación da función social é diferente e por tanto procuran unha lóxica redistributiva e equitativa.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Levamos xa unha década de cambios lexislativos noutras CCAA e o goberno de Galiza segue na mentalidade precrise da burbulla inmobiliaria e do actual aumento dos prezos da vivenda, como se non tivese pasado nada. Dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos a necesidade de impulsar en Galiza unha serie de medidas adecuadas á nosa realidade territorial para intervir nesta realidade. O *Plan galego para a mobilización da vivenda baleira* é un conxunto de actuacións que procuran reducir a porcentaxe de vivenda baleira e incrementar e facilitar o acceso á vivenda, especialmente ás persoas con menos recursos. Mais non só, porque estas medidas teñen tamén implicacións máis profundas no modelo inmobiliario. Primeiro, ao aflorar a vivenda no mercado de aluguer ou da venda, produce un aumento da oferta que contribúe a un descenso duns prezos de mercado. Segundo, ao provocar o interese do propietario por sacalo ao mercado, dinamiza un maior investimento na conservación e rehabilitación dos inmobles. Terceiro, evita o consumo de solo contribuindo a un modelo territorial máis sostible. Por último, xera un efecto de disuasión para aqueles inversores cuxa estratexia consiste en encher a súa carteira de activos inmobiliarios que logo deixan fora do mercado. E iso implica unha economía menos dependente das flutuacións e dos ciclos do mercado inmobiliario e da construción.

A inacción do goberno da Xunta ten que dar paso a unhas políticas valentes e innovadoras pensadas para a realidade territorial e social galega, que permitan reconducir de raíz esta dramática situación. Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Elaborar dende o Observatorio da Vivenda de Galiza un estudo e enquisas propias sobre o **estado do parque inmobiliario baleiro en Galiza** que inclúa a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cuantificación e caracterización da vivenda baleira e un rexistro de inmobles singulares con outros usos que se atopen baleiros.

2. Desenvolver un **marco regulatorio** propio para abordar o problema da vivenda baleira en Galiza co obxectivo de que as vivendas desocupadas inxustificadamente se incorporen ao mercado inmobiliario e cumpran coa súa función social. Esta nova regulación configurárase atendendo ás seguintes pautas:

**2.1. Regular o procedemento** de declaración de vivenda baleira, a definición de tipos de propietarios e a creación dun rexistro de vivendas baleiras.

**2.2. Delimitar as áreas** nas que serán de aplicación medidas de intervención sobre as vivendas baleiras. A delimitación estará baseada en criterios obxectivos de demanda, tales como a demanda acreditada no Rexistro de Demandantes de Vivenda e non cuberta mediante vivenda pública ou as variacións nos prezos da vivenda libre.

**2.3. Impulsar**, nestes ámbitos de acreditada demanda e necesidade de vivenda, as seguintes **regulacións**:

- **Medidas impositivas** que graven o incumprimento da función social da propiedade das vivendas. As cotas do imposto regularanse definindo **tipos progresivos** en relación co tipo de propietario e o total de metros cadrados. Así mesmo poderán aplicarse **reducións** neste imposto, tamén con criterio progresivo, por aquelas vivendas baleiras mobilizadas cara o alugueiro a prezos accesibles.

- No caso de que a vivenda non sexa mobilizada pasado un tempo determinado e ante a negativa do propietario a acollerse aos programas de fomento, poderán aplicarse **outras medidas de intervención directa** por parte do IGVS, co fin de que estas vivendas baleiras poidan cumprir coa súa función social.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2.4. A administración Pública articulará para o conxunto do territorio unha serie de **medidas de fomento** para mobilizar as vivendas baleiras, tendo en conta a demanda do ámbito e as capacidades económicas e tipo de propietario. Entre estas inclúense:

- **Axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética**, priorizando as axudas a aqueles propietarios con menos recursos económicos. As axudas estarán condicionadas á posterior ocupación como vivenda principal.

- A posta en marcha dun **programas de mediación** por parte do IGVS que procuren a posta en aluguer de vivendas baleiras privadas a prezos limitados, a través da articulación dun conxunto de medidas de contraprestación segundo o tipo de propietario, entre as que se inclúe o asesoramento, a tramitación e xestión dos contratos, a publicidade e información á sociedade e as axudas e xestión para o acondicionamento da vivenda.

3. Desenvolver o **marco regulatorio do actual Censo de vivenda baleira** da Xunta baixo os seguintes criterios:

- Transparencia: Facer pública a información relativa ao Censo de Vivenda Baleira, incluíndo datos do municipio, tipo de propietario, número de vivendas en propiedade, estado do inmovible, superficie útil, data de última ocupación, data de licenza de primeira ocupación e se a vivenda se atopa baixo algún réxime de protección. Así como realizar e publicar unha cartografía deste parque inmobiliario mediante sistemas de información xeográficas.

- Función social: Regular as obrigas sociais para estes propietarios, establecendo mecanismos para a disposición do parque residencial deste censo baixo rendas limitadas para as familias en situación de maior vulnerabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4. Impulsar a **creación da comisión da vivenda pública e accesible** encargada, entre outros, da adquisición de vivenda baleira- e de adecuación no caso de ser necesario- e a súa incorporación ao parque público de vivendas. Dita comisión actuará baixo criterios transparentes de selección de inmobles que teñan en conta a demanda acreditada de vivenda pública e criterios de equilibrio territorial e urbano.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2023 13:08:55**

**Paulo Ríos Santomé na data 18/04/2023 13:08:58**

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/04/2023 13:09:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo**, e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demografía empresarial.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes celébrase o Día Mundial das Persoas Emprendedoras. Aínda que Galiza é unha das comunidades onde máis se emprende, atendendo ás cifras publicadas en datas recentes polo Instituto Galego de Estatística (IGE) sobre demografía empresarial, observamos como existen datos moi preocupantes relativos a esa actividade emprendedora. No ano 2021 (o último da serie con datos) na Galiza “morreron” máis empresas das que se crearon, polo que a taxa de crecemento neto nese ano foi negativa (-1,42%).

Se analizamos a evolución das taxas de nacemento e morte de empresas, dende a crise do 2008 até o 2015, desapareceron todos os anos máis das que se crearon, e foi no 2015 no que se crearon máis empresas das que desapareceron. No ano 2020 (ano da pandemia) a taxa neta foi outra vez negativa, igual que no 2021, confirmando unha tendencia negativa. Datos preocupantes que amosan unha clara tendencia negativa da taxa neta de demografía empresarial, porque, alén do efecto loxicamente distorsionador e negativo nesta taxa que tiveron a pandemia e a crise inflacionista, hai constantes que se repiten dende fai anos e que amosan que as políticas de creación de empresas do Partido Popular desde que está á fronte da Xunta constituíron un fracaso.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A taxa de actividade emprendedora (TEA) que mide a porcentaxe de persoas que deciden emprender dentro das persoas que traballan ou están buscando traballo (poboación activa) presenta unha diminución respecto ao 2020 e non recuperou as porcentaxes previas á pandemia.

O indicador de supervivencia e permanencia das empresas creadas tampouco é positivo. Se tomamos como referencia o ano 2013, observamos como de cada 100 empresas que naceron nese ano, tan só o 39,95% seguían con actividade no 2021; un 23,2% pecharon no primeiro ano de vida. Se analizamos a taxa de supervivencia das pequenas e medianas empresas (pemes) e creadas no 2017, vemos como só resistiron abertas até o 2021 40 da cada 100. No caso das traballadoras e traballadores autónomos, a taxa de supervivencia nese período (2017-2021) aínda é menor: 30,18 %.

Unha situación preocupante, máxime cando o ecosistema empresarial galego está constituído, maiormente, por pemes e autónomos á fronte de pequenas empresas familiares.

Se a análise a facemos por sectores, a taxa neta de demografía empresarial amosa que a caída máis grande afecta a empresas do sector da industria (-2,59%), algo que xa é unha constante nos últimos anos. Desde o 2009 até o ano 2021, último medido, o noso país acumulou 13 anos cun saldo negativo desta taxa.

Datos todos estes que amosan ás claras desidia e deixación das funcións e competencias atribuídas á Xunta de Galiza nesta materia, así como a inexistencia de planificación ou plans reais e efectivos de promoción e consolidación empresarial sostidos.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Solicitalle ao Consello Económico e Social a elaboración dun informe para que se remita ao Parlamento no primeiro trimestre do 2024, que conteña unha análise sectorial, territorial e evolutiva de todos os indicadores de demografía empresarial desde o ano 2009, que permita facer unha diagnose actualizada e integral da situación real do emprendemento na Galiza.

- Implementar, en base a ese informe, dun Plan Estratéxico de Promoción e Consolidación Empresarial sostido no tempo para reverter as baixas taxas de supervivencia de empresas na Galiza e optimizar os fondos que podan chegar doutras administracións, estatais ou europeas, destinados a ese fin. Consensuado coa totalidade do tecido empresarial e asociacións representativas (de todos os sectores), e contando na súa elaboración co asesoramento de universidades e escolas técnicas superiores, así como a participación das administracións locais.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2023 13:47:09**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2023 13:47:13**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/04/2023 13:47:26**

**Daniel Pérez López na data 18/04/2023 13:47:37**





## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

## Exposición de motivos

O día 1 de abril de 2022 publicouse, no Boletín Oficial do Estado, a Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

Na súa disposición adicional cuarta establécese que o disposto nesta Lei enténdese, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Traballo e Economía Social respecto da formación no traballo, a orientación para o emprego e a regulación da cota de formación profesional e a súa afectación, que se regulará de acordo coa súa normativa específica.

Así mesmo, o pasado 1 de marzo de 2023, publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, que ten por obxecto establecer o marco de ordenación das políticas públicas de emprego e como obxectivos, promover e





desenvolver a planificación, coordinación e execución da política de emprego e garantir o exercicio dos servizos garantidos e a oferta dunha axeitada carteira de servizos ás persoas ou entidades demandantes dos servizos públicos de emprego, á fin de contribuír á creación de emprego e redución do desemprego, mellorar a empregabilidade, reducir as fendas estruturais de xénero e impulsar a cohesión social e territorial.

E o artigo 31 establece que o se entende por políticas activas de emprego, é dicir, o conxunto de servizos e programas de orientación, intermediación, emprego, formación no traballo e asesoramento para o autoemprego e o emprendemento.

Por outra banda, o Ministerio de Educación e Formación Profesional está a elaborar o proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación do sistema de formación profesional (en adiante, Proxecto de Real Decreto).

No seo da Conferencia Sectorial do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación para o Emprego, a Comunidade Autónoma de Galicia puxo de manifesto as súas alegacións, baseadas fundamentalmente en que este proxecto de Real Decreto está viciado de nulidade de pleno dereito, ao vulnerar e contradicir normas de rango xerárquico superior como a propia Lei Orgánica 3/2022 e a Lei 3/2023, de Emprego.

Ademais, ese Proxecto de Real Decreto regula políticas activas de emprego, chocando coa regulación contida na Lei de Emprego e establecendo un sistema ineficaz, ao atribuír á administración educativa funcións propias da Administración laboral, e ineficiente por duplicar órganos e instrumentos de actuación.

A Lei Orgánica 3/2022 nas súas disposicións finais sexta e oitava, invoca, entre outros, como título competencial, o artigo 149.1.7ª da Constitución, que non é outro que o relativo á lexislación laboral; e o invoca no que atinxe a elementos da formación





profesional para o emprego e outros aspectos que se incardinan en materia laboral. Isto deixa patente que o Proxecto de Real Decreto estase metendo de cheo en competencias propias da Administración laboral, e máis concretamente nas políticas activas de emprego.

Cómpre tamén sinalar que na vía regulamentaria as Administracións públicas actúan no marco de potestades previamente delimitadas na norma con rango legal e deben respectar os dereitos e actividades que se realizan na esfera persoal e que a lei habilitante non regula expresamente. Neste sentido, a “aprendizaxe”, e a “formación” son tamén actividades persoais e actividades económicas de servizos que poden producirse á marxe do sistema de formación profesional establecido legalmente e dos seus efectos.

Así mesmo, a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, contempla a “formación no traballo” (artigo 33), allea á regulación deste Proxecto.

Resulta inadmisíbel, polo tanto, a pretensión de someter calquera actividade de aprendizaxe ou formativa de calquera natureza das persoas e das empresas a este marco regulatorio, polo que resulta imprescindible que o texto do Proxecto do Real Decreto se axuste ao ámbito de desenvolvemento regulamentario da Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar a paralización da tramitación do Proxecto de Real Decreto polo que se





establece a ordenación do sistema de formación profesional e se proceda a súa revisión e adecuación correspondente aos marcos competenciais respectivos”.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 19/04/2023 10:27:29**

**Noelia Pérez López na data 19/04/2023 10:27:49**

**María Corina Porro Martínez na data 19/04/2023 10:28:03**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 19/04/2023 10:28:16**

**José Alberto Pazos Couñago na data 19/04/2023 10:28:31**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/04/2023 10:28:46**

**López Sánchez, Rosalía na data 19/04/2023 10:28:59**

**Raquel Arias Rodríguez na data 19/04/2023 10:29:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández** e deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á situación da trata con fins de explotación sexual nas comarcas de Ourense e á valoración por parte da Xunta de Galiza dos resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A trata de persoas é un delito que explota seres humanos con numerosos propósitos, entre eles a explotación sexual, e é un delito no dereito internacional. A día de hoxe o *Protocol to Prevent, Suppress and Punish Trafficking in Persons Especially Women and Children* proporciona a única definición internacionalmente aceptada de trata de persoas e está ratificado polo Estado Español: a trata de persoas significa o recrutamento, transporte, transferencia, albergue ou recepción de persoas, mediante a ameaza o uso da forza ou outras formas de coerción, secuestro, fraude, engano, abuso de poder o dunha posición de vulnerabilidade ou de dar ou recibir pagos ou beneficios para lograr o consentimento dunha persoa que ten control sobre outra persoa, con fins de explotación. A explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución doutros ou outras formas de explotación sexual, traballo ou servizos forzados, escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos humanos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A trata de seres humanos, singularmente a relacionada coa explotación sexual, afecta de forma moi superior a mulleres e crianzas. Segundo o documento sobre preguntas frecuentes sobre a trata da ONU, no ano 2018 houbo arredor de 50.000 vítimas de trata de persoas e 148 países denunciaron a súa existencia. O 50% das vítimas foron obxecto de trata con fins de explotación sexual e as mulleres representarían o 46% e as nenas o 19% de todas as vítimas de trata. Así mesmo, triplicouse o número de crianzas vítimas de trata.

Desde hai anos, numerosos documentos internacionais, como a *Declaration on the Elimination of Violence against Women of 1993* sinalan a trata e a explotación da prostitución forzosa de mulleres como forma de violencia contra as mulleres.

No ámbito do Estado español aprobouse a comezos de 2022 o *Plan estratéxico Nacional contra a trata e a explotación sexual de seres humanos, PENTRA, 2021 2023* e anteriormente diversas medidas ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia machista, entre as que se atopaba a elaboración dunha lei integral contra a trata de seres humanos, especialmente de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

No ámbito galego, o noso país foi pioneiro ao definir a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Así o recolle a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, modificada pola *Lei 12/2016, do 22 de xullo*, no seu artigo 3 letra f). Isto permitiu que desde hai anos as vítimas de trata poidan acollerse ás medidas integrais e que se desenvolveran diversas medidas de concienciación e intervención.

Neste marco, a Xunta elaborou e deu a coñecer en setembro de 2022 o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este plan considera “A trata, a explotación sexual e a prostitución son o produto dunha sociedade heteropatriarcal, na que as mulleres e as nenas son as vítimas principais, ao situálas nunha posición de inferioridade e considerálas como obxecto de intercambio comercial. Como expresión da violencia estrutural contra as mulleres, non pode dissociarse da precariedade, a pobreza e a desigualdade, escenarios que facilitan este tipo de abusos ante a falta de oportunidades económicas, educativas e de acceso aos distintos recursos. Polo tanto, un dos grandes desafíos das sociedades democráticas avanzadas non pode ser outro que combater, desde todas as fronteiras, estas execrables expresións da violencia sexual.” e incorpora cinco áreas estratéxicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas cunha previsión orzamentaria total de 7.136.424M€.

Recentemente coñecía publicamente a detención en Ourense de cinco persoas que formaban parte dunha rede criminal dedicada á trata de seres humanos e explotación sexual. As informacións xornalísticas apuntan as terribles condicións nas que varias mulleres captadas desde Venezuela e Colombia exercían forzosamente a prostitución sendo videovixiadas 24 horas. Apúntase así mesmo á complexidade dunha maior mobilidade entre pisos como forma de operar á coexistencia da venda de drogas.

Segundo as informacións de Cáritas, en Ourense habería no 2021 máis de 343 mulleres prostituídas que durante contactaran ca entidade social para recibir axuda a través do programa Alumar. Cáritas apunta tamén a un aumento desta situación, pois sinala que no ano 2022 tratou a 453, case cen máis. Nas fontes xornalísticas sinálase que nos últimos anos as forzas policiais terían baixo o seu radar arredor de 70 pisos similares a este no que se interveu recentemente na rúa Bonhome.

Estes datos apuntan unha situación moi preocupante e complexa. Polo tanto, é necesario facer seguimento das informacións e actuacións que coñece e desempeña o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

gobierno galego así como coñecer a valoración respecto dos primeiros meses de funcionamento do Plan e as perspectivas de traballo e prioridades de cronograma que se están a desenvolver.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara a información relativa aos primeiros resultados da comisión de seguimento do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a información respecto da execución orzamentaria desta primeira fase e os datos cuantitativos que teña neste momento de vítimas e de vítimas usuarias das medidas propostas.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2023 11:40:03**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/04/2023 11:40:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2023 11:40:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o colapso da ponte de “Santa Marta” en Ponte Arnelas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte, 18 de abril, a ponte de “Santa Marta”, que cruza o río Umia á altura de Ponte Arnelas, entre os concellos de Vilanova de Arousa e Ribadumia, afundiú en parte e que segundo diversas informacións está afectada a estrutura de formigón e hai rupturas de tirantes. Diante do risco que supón tanto para o tráfico de vehículos como de persoas está pechada ao tráfico, e o mesmo estase desviando pola ponte histórica chamada “dos padriños” que cruza o núcleo de Ponte Arnelas

Esta ponte forma parte da variante de Ponte Arnelas, construída para restrinxir o intenso tráfico da PO-300 pola ponte antiga, inaugurada hai tan só 16 anos, cun investimento de máis de tres millóns de euros.

Todo fai indicar que os danos que sofre a ponte son de relevancia, que se van precisar actuacións de calado para que a mesma poida ser aberta á circulación, co que os prexuízos van ser moitos tanto para toda a veciñanza dos concellos próximos así como para a actividade económica da zona. Industriais.

O BNG consideramos que é preciso que a Xunta de Galiza dea explicacións a respecto do colapso dunha infraestrutura que tan só ten dezaseis anos, razóns pola cal o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1.- Presentar un informe no Parlamento Galego coas causas do colapso da Ponte de Santa Marta en Ponte Arnelas, as inspeccións realizadas e o resultado das mesmas, así como as actuacións precisas e os prazos para que a mesma poida ser aberta ao tráfico.
- 2.- Alternativas que se van arbitrar para o intenso tráfico que circulaba por esta ponte, especialmente o pesado.
- 3.- Realizar todas as accións precisas para protexer á antiga “Ponte dos Padriños” que cruza o núcleo de Ponte Arnelas.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2023 12:05:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2023 12:05:13**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Jose Luís Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

As principais vías de comunicación por estrada entre Galicia e a Meseta son as autovías do Noroeste e a das Rías Baixas.

Unha comunicación que se está a ver dificultada, ademais de polo corte do viaduto do Castro, polo deficiente estado de conservación que presenta o firme nestas dúas autovías e que pode facerse extensible ao resto de infraestruturas viarias dependentes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Esta circunstancia repercute negativamente na seguridade viaria, que se presupón deben garantir as estradas destas características, e claramente prexudica a competitividade do noso territorio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que:

- 1º- Proceda con toda a celeridade posible a arranxar o firme deteriorado das autoestradas A-6 e A-52 que son as principais vías de comunicación de Galicia e Meseta.
- 2ª- Estableza un plan de conservación anual de todas as estradas de competencia estatal en Galicia”.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/04/2023 11:29:20  
**Nº Rexistro: 52953**  
Data envío: 20/04/2023 11:29:20.539

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/04/2023 11:18:16**

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/04/2023 11:18:32**

**Carmen María Pomar Tojo na data 20/04/2023 11:18:45**

**Ramón Carballo Páez na data 20/04/2023 11:19:01**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/04/2023 11:19:15**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/04/2023 11:19:28**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/04/2023 11:19:39**

**María Belén Salido Maroño na data 20/04/2023 11:19:51**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Jose Luís Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Tal e como sospeitábamos o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana parece descartar a reconstrución simultánea e urxente dos viadutos do Castro, na autovía A-6, o que na práctica suporá un novo retraso no obxectivo de axilizar a solución definitiva e completa e de recuperación da normalidade nesta vía que, ata o seu peche hai xa máis dun ano, constituía o principal acceso á nosa comunidade desde a Meseta.

O Goberno de España desoe así as demandas lideradas pola Xunta de Galicia, polo sector empresarial e desde institucións como o Parlamento Galego que recentemente aprobou, no pleno do 21 de marzo, un acordo no que instaba á administración central a executar os dous novos viadutos ao tempo, o que permitiría acurtar prazos e ter esta autovía plenamente operativa e funcional en ambos sentidos de circulación á maior brevidade.

Sorprende a negativa do Goberno de España tendo en conta que o acordo acadado no Parlamento galego foi aprobado por unanimidade, isto é co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, incluído o PSdeG-PSOE, aínda que non é a primeira vez que esta formación política vota nun sentido en Galicia e despois desde Madrid, onde ten responsabilidade de goberno, decide actuar en sentido contrario.

Resulta sorprendente tamén a negativa do Executivo central tendo en conta que a construción simultánea dos viadutos é a práctica habitual e normal en obra civil co obxectivo de acurtar prazos e aproveitar recursos, e xustifícase desde punto de vista construtivo e funcional. De feito, o Ministerio actúa deste xeito nas infraestruturas da súa competencia, como nas obras da autovía A-54 entre Lugo e Santiago.

Desde o Grupo Popular de Galicia seguiremos insistindo na necesidade de que o Executivo central rectifique e acometa estas obras polo procedemento de emerxencia e de xeito simultáneo, para evitar que o restablecemento total da A-6 se dilate no tempo ata arredor de 2028. Calquera outra decisión supón un grave prexuízo para as comunicacións entre Galicia e o resto de España, lastrando especialmente o transporte de mercadorías e o turismo.



Esta situación ten lugar ademais ao mesmo tempo que se multiplican as queixas dos usuarios pola situación de deterioro que presenta o firme da autovía do Noroeste (A-6), o que supón un problema evidente de seguridade viaria, e prexudica a cohesión social e a competitividade económica do territorio polos que transcorre. Urxe que se actúe no acondicionamento desta autovía e, dado que é unha problemática habitual no resto de estradas de competencia estatal, se desenvolva un plan integral de conservación da A-6 e do resto da rede viaria estatal.

Resulta especialmente preocupante que Galicia conte con 3 autovías estatais – a A-6, a A-52 e a A-8- para conectar co resto de España e as 3 presenten problemas que non contan cunha planificación clara de como resolvelas por parte do Executivo central.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1º- Rectifique a súa decisión e acometa a reconstrución dos viadutos do Castro, na A-6, de xeito simultáneo e pola vía de emerxencia, tal e como establece o acordo acadado por unanimidade nesta Cámara o 23 de marzo de 2023, o que contribuiría a axilizar o restablecemento da circulación e a asegurar unha comunicación plenamente funcional e operativa en ambos sentidos entre Galicia e o resto da Península.
- 2º- Actúe, con carácter de urxencia, no acondicionamento da autovía do Noroeste (A-6) para mellorar o estado do seu firme, amplamente deteriorado, e dado que se trata dunha problemática común en toda a rede viaria de competencia estatal, desenvolva un plan integral de conservación e mantemento destas vías, a imaxe do que ten a Xunta de Galicia para garantir a seguridade viaria, a cohesión social e a competitividade económica dos territorios polos que transcorren”.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/04/2023 11:30:05  
**Nº Rexistro: 52956**  
Data envío: 20/04/2023 11:30:05.742

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/04/2023 11:22:42**

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/04/2023 11:23:03**

**Carmen María Pomar Tojo na data 20/04/2023 11:23:17**

**Ramón Carballo Páez na data 20/04/2023 11:23:35**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/04/2023 11:23:49**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/04/2023 11:24:02**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/04/2023 11:24:13**

**María Belén Salido Maroño na data 20/04/2023 11:24:29**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición no de lei** para o seu debate en Pleno.

No ano 2007, aprobábase por unanimidade no Concello de Ourense o Plan estratéxico termal de Ourense (Ptou) e tamén se declaraban As Burgas como ben de interese cultural (BIC), o que supoñía o impulso claro e definitivo de cara á explotación turística e termal da maior fonte de riqueza da cidade de Ourense.

No ano 2008, o Parlamento de Galicia aprobaba tamén por unanimidade dos grupos políticos do PSdeG-PSOE, BNG e PP a declaración de Ourense como Capital Termal de Galicia, o que presupoñía un pulo ao coñecemento e á posta en valor dos recursos termais de Ourense e a súa provincia.

Coa aprobación desta iniciativa implicábase á Xunta de Galicia a que facilitase os investimentos públicas e apoiase os programas e proxectos que se incluían no Petou que se presentasen noutras administracións, en especial os referentes á Unión Europea, e no que se recollían investimentos públicos e privados.

Outro dos apartados recollidos naquela declaración incluía que a Xunta debería favorecer a difusión e presenza dos recursos termais naquelas feiras, exposicións e congresos que fosen organizados dende a Administración autonómica.



Coa chegada ao goberno do bipartito PSOE-BNG en Ourense no ano 2007 e ata 2012, e despois co goberno do PSOE en minoría ata 2015 desenvóléronse numerosas actuacións que dotaron de novas infraestruturas á nosa cidade no eido do turismo e o termalismo, nunha aposta clara por un cambio de modelo urbanístico e de cidade, estratéxico e de futuro.

As novas infraestruturas e dotacións nas zonas termais creadas foron (2007-2015) a piscina termal das Burgas (actualmente pechada), O Centro de Interpretación Termal das Burgas (pechado na actualidade), que incluía unha nova zona verde de 6.000 m<sup>2</sup> no corazón do casco histórico da cidade, novos apartamentos turísticos, o restaurante das Pozas de Maimón, a rehabilitación e posta en valor da fonte do Tinteiro e a fonte Bouvette no Campo da Feira.

Paralelamente á creación de novas dotacións realizouse a xestión urbanística chave para o futuro desenvolvemento termal da cidade a través do impulso do Plan especial das Burgas e o Plan especial A Chavasqueira-As Caldas.

Dende o ano 2015 ata a actualidade produciuse un estancamento do proxecto de desenvolvemento termal e un grave deterioro sobre todo dende a crise sanitaria provocada pola covid-19, e tamén por dous incendios que levaron por diante tanto o balneario privado da Chavasqueira (24 de abril de 2019) como o restaurante das Pozas de Maimón (28 de xullo de 2019).

O actual rexedor da cidade, Gonzalo Pérez Jácome, ao que Feijóo apoiou para a súa investidura, afirmaba en distintas intervencións públicas que “o termalismo é un bluf”, polo que non aposta en absoluto por este elemento diferencial para o turismo da cidade.



Por outra banda, nos últimos anos de mandato de Feijóo na Xunta de Galicia a súa única promesa electoral no relativo ao termalismo en Ourense foi a construción do Gran Hotel Balneario, constituíndo outra promesa incumprida polo presidente.

Tras un cúmulo de despropósitos a situación do termalismo na cidade de Ourense na actualidade podémola cualificar de grotesca, de feito ademais de permanecer pechada a piscina das Burgas e o centro de interpretación termal, o 16 de abril deste ano o Concello de Ourense pechaba a única terma que funcionaba en Outariz tras reabrila na Semana Santa.

Nun comunicado o Goberno local culpa da situación a aprobación da Lei de aproveitamento lúdico das augas termais, lei aprobada tres anos antes polo Grupo Parlamentario que sostén o Goberno da Xunta de Galicia, o Partido Popular.

Sinalando, o referido comunicado, que as dúas pozas que seguen abertas en Burga de Canedo resultan suficientes en tempada baixa para atender a demanda de bañistas.

Atopámonos nunha canella sen saída, na que o Partido Popular ten responsabilidade, que nos sitúa nunha situación grave que pode derivar en que a nosa máxima riqueza caia no absoluto abandono e desaparición se non hai un claro respaldo autonómico.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se comprometa a poñer investimentos reais para solucionar o caos termal no que se atopa na



actualidade e converta a cidade de Ourense nun destino turístico seguro, de calidade e sostible.

Parlamento de Galicia, 19 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/04/2023 12:20:20**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 20/04/2023 12:20:35**

**Martín Seco García na data 20/04/2023 12:20:47**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2023 12:21:05**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Gonzalo Caballero Míguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O pasado 30 de marzo tivo entrada no Parlamento de Galicia a execución orzamentaria da Administración autonómica correspondente ao exercicio 2022. O programa 141A-Administración local tiña unha dotación orzamentaria inicial de 17.322.000 euros, incrementándose ao longo do exercicio en 3.044.000 euros ata acadar os 20.366.000 euros, mentres que a execución foi só de algo máis de 14 millóns de euros, é dicir, un 69,3 % do crédito vixente.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar a totalidade dos recursos orzados no programa 141A-Administración local neste exercicio 2023.

Parlamento de Galicia, 20 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** na data 20/04/2023 14:11:33

**Gonzalo Caballero Míguez** na data 20/04/2023 14:11:47







Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/04/2023 17:15:20  
**Nº Rexistro: 52978**  
Data envío: 20/04/2023 17:15:20.136

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2023 14:12:15**

CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30  
190603

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Gonzalo Caballero Miguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a **seguinte proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O pasado 30 de marzo tivo entrada no Parlamento de Galicia a execución orzamentaria da Administración autonómica correspondente ao exercicio 2022. O Programa 733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables tiña unha dotación orzamentaria inicial de 58.469 millóns de euros, contía que foi incrementada ata acadar os 85.560 millóns de euros, da que só foi executada o 36,2 %.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a executar a totalidade dos recursos orzados no programa 733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables neste exercicio 2023.

Parlamento de Galicia, 20 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** na data **20/04/2023 17:08:35**

**Gonzalo Caballero Míguez** na data **20/04/2023 17:08:50**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/04/2023 17:40:20**  
**Nº Rexistro: 52982**  
Data envío: 20/04/2023 17:40:20.152

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2023 17:09:19**

CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  **981.55.15.30**  
190605

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A Universidade Laboral radicada no Burgo, termo municipal de Culleredo, foi a primeira en ser construída en 1962 dentro do I Plan de Desenvolvemento Económico e Social 1964-1967 para as profesións marítimo-pesqueiras, e na actualidade está transferido á Consellería de Cultura, Educación e Universidade coa denominación de CIFP (Centro Integrado de Formación Profesional) Universidade Laboral.

A súa construción foi proxectada polos arquitectos José López Zanón e Luís Laorga Gutiérrez e en 2001 o Colexio de Arquitectos da Coruña, no día Mundial da Arquitectura, elixiuno como exemplo da *“recuperación da modernidade arquitectónica no noso país nos anos 60”*.

As instalacións da dita Universidade Laboral contan con 3.500 m<sup>2</sup>, cunha serie de edificacións intercomunicadas a través de galerías cubertas, unha piscina e un auditorio.

O concello de Culleredo leva reclamándolle á Xunta de Galicia dende 2018 que se negocie un convenio de usos para varios espazos e instalacións do instituto que cada día están máis deterioradas e en desuso, entre as que se atopa a piscina interior, o salón de actos e o



auditorio, manifestándolle o concello a asunción dos custes de mantemento unha vez que a Xunta acometa as obras de mellora que necesitan as instalacións, sen que por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade se teña dado ningunha resposta.

No caso do auditorio, trátase do máis grande do municipio, con capacidade para unhas 1.000 persoas, o que lle permitiría ao concello programar eventos con máis aforo e asegurar a entrada a máis persoas interesadas, tendo en conta que o concello de Culleredo ten unha programación cultural semanal estable, que ten 30.790 habitantes e forma parte dunha comarca que supera os 400.000 habitantes.

E no caso da piscina interior, que só é empregada polo centro para prácticas do seu alumnado, podería ser utilizada por outras persoas usuarias do concello, tendo en conta a demanda existente deste tipo de instalacións.

Con esta petición, o alcalde do concello de Culleredo pretende optimizar os recursos existentes e darlle un maior uso ás instalacións xa construídas porque están sendo pouco utilizadas, o que redundaría nunha mellora da oferta deportiva e cultural do municipio e dos concellos colindantes.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que convoque unha reunión co alcalde do concello de Culleredo para negociar o



convenio que estableza as obras de rehabilitación e mellora, os usos e o mantemento das instalacións deportivas e culturais, nomeadamente a piscina interior e o auditorio, do CIFP Universidade Laboral.

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/04/2023 18:14:27**

**Noa Susana Díaz Varela na data 20/04/2023 18:14:50**

**Noelia Otero Lago na data 20/04/2023 18:15:25**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2023 18:15:45**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Sanz Arias, Marta Nóvoa Iglesias, Jose Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereza Fraiz, Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Jose Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de consolidar un modelo de minaría galega, sustentable e responsable desde o punto de vista ambiental, que sexa capaz de garantir a subministración de materias primas estratéxicas á nosa industria.

### Exposición de motivos

O pasado 16 de marzo de 2023 a Comisión Europea presentou a proposta para crear unha Lei de Materias Primas Críticas, que busca garantir o aceso da Unión Europea (UE) a unha subministración segura, diversificada, alcanzable e sostible de materiais importantes para a transición dixital e verde como son o litio, o cobalto, o níquel, o cobre ou os terras raras, entre outros.

O Regulamento busca diversificar a subministración de cada unhas destas materias primas estratéxicas e que, a partir de 2030, a Unión Europea non dependa máis do 65% dun único terceiro país. Neste sentido, tamén establece referencias claras con relación ás capacidades nacionais ao longo da cadea de subministración: aproximarse ou alcanzar polo menos o 10% da demanda nacional de materiais estratéxicos para a minería e a extracción -cando as reservas da UE o permitan-, polo menos o 40% para a transformación e o refinado, e polo menos o 15% para a reciclaxe.

Deste xeito, a lei reducirá a carga administrativa e simplificará os procedementos de concesión de permisos para proxectos de materias primas críticas na UE. Ademais, os proxectos estratéxicos seleccionados beneficiaranse de axudas para o acceso ao financiamento e de prazos de autorización máis curtos (24 meses para os permisos de extracción e 12 meses para os de transformación e reciclaxe). Así mesmo, os Estados membros terán que desenvolver programas nacionais de exploración de recursos xeolóxicos, todo elo para mitigar os riscos de falta de subministración.





En Galicia xa se está a traballar nesta liña. De feito, a Axenda de impulso da minaría sustentable aprobada pola Xunta de Galicia en 2022 – en consenso co sector - ten como obxectivos a compatibilidade co medio ambiente, o desenvolvemento do medio rural, o aproveitamento racional ordenado e eficiente dos recursos, o impulso dos minerais estratéxicos esenciais para o tecido industrial, así como a promoción do desenvolvemento económico e social.

Tratase de consolidar o modelo de minaría galega: sustentable, responsable e con futuro, para modernizar as principais cadeas de valor da nosa industria e para garantir a subministración de produtos e servizos esenciais. Por exemplo, cómpre recordar que os teléfonos móbiles precisan de cobre, litio ou ouro, que as resonancias magnéticas precisan de cobre, prata e ouro, e mesmo que os respiradores esenciais para os enfermos máis graves da covid, teñen na prata un compoñente fundamental.

Polo tanto, cómpre reivindicar o valor do sector mineiro e dar visibilidade ao seu papel estratéxico na creación de emprego e riqueza en Galicia, así como para avanzar no progreso e benestar da sociedade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir defendendo unha tramitación garantista e respectuosa co medio ambiente dos proxectos mineiros na Comunidade galega, que garanta que aquelas iniciativas, especialmente as relativas a materias primas fundamentais ou minerais críticos segundo os plans e programas europeos, cumpran cos requisitos exixidos tanto na normativa estatal como na autonómica”.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)







**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/04/2023 18:19:35  
**Nº Rexistro: 52993**  
Data envío: 20/04/2023 18:19:35.418

**Pedro Puy Fraga na data 20/04/2023 18:12:21**

**Cristina Sanz Arias na data 20/04/2023 18:12:37**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 20/04/2023 18:12:53**

**José Antonio Armada Pérez na data 20/04/2023 18:13:07**

**Ana Belén García Vidal na data 20/04/2023 18:13:30**

**Pardo López, Adrián na data 20/04/2023 18:13:41**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 20/04/2023 18:13:51**

**Borja Vereza Fraiz na data 20/04/2023 18:13:59**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/04/2023 18:14:11**

**Carmen María Pomar Tojo na data 20/04/2023 18:14:20**

**Ramón Carballo Páez na data 20/04/2023 18:14:43**

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/04/2023 18:14:57**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/04/2023 18:15:09**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/04/2023 18:15:20**

**María Belén Salido Maroño na data 20/04/2023 18:15:31**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

A pandemia da covid-19 fixo translúcidos problemas de base en canto ao modelo de coidados en Galicia. En concreto a chamada Lei de dependencia marca seis meses como máximo para a propia resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda de máis do dobre do que a Lei permite, superando a media estatal.

Ademais nun recente estudo constatouse unha vez máis que Galicia é das CC.AA que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España nos informes dos últimos anos.

Datos moi preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda trala crise socio económica motivada pola pandemia e na actualidade marcada pola inflación. En concreto o XXII Observatorio da Dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais pon de manifesto que Galicia é unha das CC.AA que peor posición ocupa de toda España en moitos parámetros da valoración do dito Observatorio Estatal para a Dependencia. Onde indican que:

“Un total de 3.271 galegos e galegas están á espera de atención á dependencia e hai 618 persoas pendentes de valoración, segundo o *XXIII Dictamen del Observatorio Estatal de la Dependencia*, elaborado pola *Asociación de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales*.”



Hai máis dun ano a Consellería de Política Social anunciaba un proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia na provincia de Ourense, e tempo despois anunciaba medidas para toda Galicia. Sería importante coñecer se existiu un incremento de persoal nos equipos de valoración de dependencia e resolución de PIA, e o número exacto de traballadores adicionais. Hai que ter en conta que o deixar de facer as valoracións de xeito presencial, feito que aconteceu trala pandemia e demorouse no tempo, polo menos ata outubro de 2021, pódese intuír un aumento na axilidade das resolucións, pero en detrimento da propia calidade das valoracións. Por iso, é importante que a cidadanía coñeza con exactitude se a Consellería investiu en persoal para saber se os resultados varían a consecuencia do dito investimento ou polo efecto das valoracións telefónicas.

A Consellería anunciou o dito plan de choque en dependencia enmarcado no estatal para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto, especificaba:

- Implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes. Deseñando un único procedemento do recoñecemento de dependencia así como o Programa Individual de Atención.
- Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorárase o modelo de xestión de citas, entre outras medidas, segundo a Consellería de Política Social.

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal é o investimento para lograr reducir as listas de espera, e en canto ao incremento do número de persoas técnicas dos equipos de valoración saber cantos deles responden a



contratos laborais indefinidos e cantos temporais. A propia conselleira afirmou que incrementarían o persoal, polo que é urxente un informe detallado del onde se aclare se todos os técnicos corresponden a contratación a cargo de fondos europeos e á súa duración.

Sería importante ademais coñecer mediante un informe elaborado pola Consellería de Política Social, cantos cambios de PIA de oficio mudaron libranzas na contorna familiar por SAF en Galicia dende o ano 2010 ata o momento. Así como, as prazas vacantes en centros de día e residencias por provincias.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que a través da Consellería de Política Social:

1. Incremente o número de persoal que traballa nos EVD (Equipos de Valoración de Dependencia) e resolvendo os PIA (Programa Individual de atención) para mellorar os tempos de resolución e reducir as listas de espera mediante contratos que garantan a estabilidade do persoal a longo prazo, remitindo un informe detallado sobre dito incremento do persoal en dependencia e o tipo e duración do contrato dende o 2021.
2. Realice un informe detallado das listas de agarda por provincias que inclúan os expedientes que non están gravados no sistema de dependencia, así como o tipo de PIA e as prazas vacantes de centros de día e residencias por provincia.



3. Realice un informe sobre o número de cambios de PIA de oficio por parte da administración dunha libranza a un servizo de SAF dende o ano 2010 ata a actualidade.

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 14/04/2023 11:33:07**

**Julio Torrado Quintela na data 14/04/2023 11:33:21**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/04/2023 11:33:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do Goberno galego dos resultados de execución e modificacións de crédito dos Orzamentos Xerais de Galiza do ano 2022 a 31 de decembro de 2022.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o goberno galego remitiu, conforme estipula o marco legal, os datos definitivos de execución e modificacións de crédito dos Orzamentos Xerais de Galiza do ano 2022 a 31 de decembro de 2022. É necesario, polo tanto, máis alá da cuestión numérica, que o goberno galego faga unha valoración da súa xestión e dos seus resultados, toda vez que o orzamento é unha das ferramentas máis significativas que ten un goberno para impulsar as súas políticas.

Analizadas as contas, podemos observar a permanencia dalgunhas das súas eivas tanto de execución como de planificación ou de enfoque. Isto mesmo podemos afirmalo respecto das contas xerais da comunidade avaliadas polo Consello de Contas, que fan prever un resultado similar para este exercicio, aínda que de momento coñezamos só a de 2020.

O nivel global de execución dos orzamentos 2022 das consellarías a 31/12/2022 foi dun 90,6%. Sumando o resto de seccións, a execución foi do 89,4%, deixándose sen executar 1.458 M€. Entre as seccións con menor nivel relativo de execución están,





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

como en exercicios precedentes, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Emprego e Igualdade, Economía, Empresa e Innovación, Mar, Medio Rural, e Infraestruturas e Mobilidade. En termos absolutos deixaron-se de executar 232 M€ en Emprego e Igualdade, 165 M€ en Medio Rural, 153 M€ en Medio Ambiente, 137 M€ en Economía, 132,7 M€ en Sanidade, etc.

Canto aos capítulos, como en anos anteriores, constatamos a baixa execución relativa dos capítulos de transferencias de capital e de investimentos reais. Canto aos programas, non superan un nivel de execución do 50% programas relacionados con vivenda, formación profesional de ocupadas/os e desempregadas/os, protección social, e outros relacionados con a pesca e o sector agroalimentario ou a eficiencia enerxética. Entre o 50% e o 75% de execución volvemos atopar programas relacionados con a pesca e o agro, alén doutros relacionados coa economía social, a competitividade e a innovación tecnolóxica, o territorio e as infraestruturas, a administración local, o urbanismo ou os transportes.

No que respecta ás modificacións de crédito, cabe recordar que consisten na diferenza entre o crédito inicial e o crédito final, denominado “vixente” e que poden ser de varios tipos: transferencias de crédito, ampliacións de crédito, xeración de crédito, baixas, reposicións, etc. Se atendemos a clasificación por seccións ou consellarías, observamos unha diminución dos créditos iniciais nas consellarías de Infraestruturas e Mobilidade, -23,1%; Mar con -20,4%; Economía, Empresa e Innovación con -12,5%; Medio Rural cun -4,7% e Presidencia cun -3,7%. doutro lado destacar o aumento dos créditos iniciais nas consellarías de Emprego e Igualdade nun +26%; Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cun +17,4%, consellaría que inclúe algúns dos programas con menor execución, Sanidade cun +10,9%, a Vicepresidencia 1ª e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo cun +6,6%, Facenda con +5,6%, Cultura Educación e Universidades cun +2,7% e Política Social con +0,9%.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Canto ás modificacións de crédito por capítulos, en consonancia cos niveis de execución, salientamos a diminución dos créditos iniciais para Investimentos Reais e para Transferencia de Capital. Canto ás modificación de crédito por programas, entre os programas afectados por unha variación de crédito negativa atopamos programas relacionados con planificación e xestión hidrolóxica, con áreas de pesca, prevención do abandono escolar, promoción social de novo a investigación e innovación, o rural, o medio ambiente, infraestruturas, etc.

É necesario facer unha valoración global da execución dos orzamentos de 2022, das súas modificacións máis relevantes e do grao de cumprimento dos obxectivos previstos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Cumprir coa posta a disposición dos grupos parlamentarios e da sociedade galega de forma dilixente e completa da información orzamentaria segundo se regula na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e nas propias leis anuais de orzamentos, sinaladamente a Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

2. Elaborar un calendario de cumprimento e posta en marcha das recomendacións orzamentarias sistematicamente incumpridas polo goberno galego, especialmente aquelas que anualmente remite o Consello de Contas en cada informe respecto da Conta Xeral.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Elaborar unha auditoría independente respecto das consellarías, seccións e programas con menor grao de execución e con maiores modificacións orzamentarias, con especial atención ás que se repiten habitualmente en cada exercicio.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 12:16:37**

**Ramón Fernández Alfonso na data 17/04/2023 12:16:58**

**Daniel Pérez López na data 17/04/2023 12:17:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2023 12:17:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Mercedes Queixas Zas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ao seguimento da execución dos investimentos anunciados no Castelo de Monterrei ao abeiro do Plan Xacobeo Nex Generation.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O castelo de Monterrei é unha acrópole que constitúe a principal vila fortificada do país, declarada Monumento polo Estado xa en 1931 e que ademais é Ben de Interese Cultural. Este castelo foi protagonista de intensas reivindicacións por parte da veciñanza da comarca, tanto polo abandono do Concello e da Xunta durante décadas como polo feito de que **despois dun importante investimento público fose cedido a Paradores para a súa explotación hoteleira durante nada máis nin nada menos que 75 anos.**

**Máis aínda, nos últimos anos foi protagonista de novas polémicas, como a “actuación” na calzada romana, que foi tapada por cemento no lugar de facer outro tipo de aproveitamento e custodia, para despois ter que rectificar parcialmente esta decisión e licitar a restauración do camiño real no 2021.** Aínda así, na liña de demoras e incumprimentos habitual por parte do goberno galego, hai escasas semanas a Xunta anunciaba que aínda rematará a restauración do Camiño Real no acceso á Fortaleza de Monterrei esta primavera.

O 13 de decembro de 2022 o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciaba nunha visita ao monumento a súa inclusión no Plan Xacobeo Next Generation, dotado





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

con máis de 30 millóns de fondos europeos e que inclúe actuacións nunha ducia de Bens de Interese Cultural. Nesa ocasión o Presidente anunciou que a intención do goberno galego era licitar as obras ao inicio do 2023 para logo levar a cabo un traballo dividido en dúas fases; a primeira, coa recuperación dos edificios do Cuartel de Infantería, o antigo Concello e o Colexio de San Xoán; e a segunda, con actuacións adicionais na Praza do Mercado e na Praza de Armas para poñer en valor os seus usos turísticos.

É preciso facer seguimento da planificación e execución orzamentaria deste Plan, e profundar na súa transparencia, pois a información accesible é limitada e reducida ás notas de prensa do goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a remitir toda a información relativa ao proxecto de rehabilitación da acrópole Monterrei incluíndo de forma especial a información orzamentaria: elementos aos que se van destinar os recursos económicos dos fondos europeos, indicando o seu uso público ou privado, execución, cronograma, contratos realizados e previsións temporais.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**  
**Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 12:55:01**

**Mercedes Queixas Zas na data 17/04/2023 12:55:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2023 12:55:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa ás actuacións que debe impulsar o goberno galego para evitar que os concellos galegos reciban cada vez menos recursos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galiza.

### Exposición de motivos

Recentemente coñeciamos os datos do Informe de Fiscalización Fondos Europeos que elaborou o Consello de Contas respecto do exercicio 2020. Neste informe, na liña dos anteriores, salienta negativamente a evolución da participación dos concellos galegos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galiza.

Dito informe sinala que 245 Concellos recibiron pagos por valor de 13.415.284,79€. Prodúcese así un aumento respecto ao exercicio anterior no número de Concellos beneficiarios (210 en 2019) e pola contra unha diminución na cantidade percibida (14.224.253,41€ no exercicio 2019). Sobre o total dos Fondos Europeos percibidos por Galiza (679.464.897,40€) no exercicio 2020 o recibido polos concellos representa o 1,97% do total, en 2019 o recibido polos concellos representou o 2,64% do total (539.480.687,41€).

Neste informe sinálase tamén que mentres os pagos realizados a todos os beneficiarios de Fondos Europeos pasaron de 539.480.687,41€ do exercicio anterior,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

a 679.464.897,40€, cun aumento do 25,95% (139.984.209,99€), pola contra no caso dos concellos produciuse unha diminución do 5,69% (808.968,62€). Isto quere dicir uqe mentres que de forma xeral aumentan os pagos en correspondencia ao avance e peche de proxectos correspondentes ao marco financeiro actual 2014-2020, no caso dos concellos non se reflicte a mesma tendencia.

O consello considera que na serie histórica consolídase a tendencia baixista iniciada xa nos exercicios 2016 e que continua ata o exercicio actual e que se nos exercicios anteriores 2015 e 2014 se produciu unha alza foi debida a que se prorrogaron os pagos con cargo aos proxectos do marco 2007-2013. Confírmase así a serie histórica descendente no actual exercicio, xa que desde que a participación dos concellos alcanzou o máximo no exercicio 2014 do 4,69%, esta non deixou de diminuír.

Tal e como se sinala no informe “Desde o Consello de Contas, vense recomendando unha maior presenza de proxectos europeos no financiamento de programas de actuacións municipais, de forma que este tipo de entidades públicas poida beneficiarse dunha forma máis ampla das distintas iniciativas europeas.” mais o certo é que a Xunta de Galiza non vén actuando ao respecto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas para corrixir a baixada histórica na participación dos concellos galegos dos fondos europeos da súa xestión impulsando unha mesa de traballo coa FEGAMP para acordar medidas en coordinación coas recomendacións do Consello de Contas. Dita mesa terá un funcionamento periódico, contará cun cronograma para o aumento da participación e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

renderá contas do seu traballo. Preveranse, ademais, criterios de reequilibrio territorial que favorezan a participación de máis concellos, corrixindo as lagoas territoriais que existen na actualidade.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2023 16:32:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 16:32:06**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/04/2023 16:32:18**

**Ramón Fernández Alfonso na data 17/04/2023 16:32:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Pérez López na data 17/04/2023 16:32:41**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey** e **Pablo Arangüena Fernández**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Hai uns días a entidade Sogama, que xestiona a maior parte dos residuos no territorio galego, sacou a licitación un contrato cuxo obxecto consistía nun servizo de asesoramento na definición da folla de ruta de Sogama (2024-2030) e asistencia técnica na definición e seguimento dela.

A razón do contrato basease na necesidade de abordar con urxencia o desafío climático e ambiental e que Galicia se sume á transformación prevista no Pacto Verde Europeo.

Este contrato ten un valor estimado de 884.776,10 € máis IVA.

Por outra banda, a Xunta de Galicia aprobou no ano 2019 a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 que tiña como finalidade establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático e contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global nesta materia.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a necesidade de que Sogama externalice o traballo consistente en establecer unha folla de ruta de cara o cumprimento dos obxectivos marcados pola UE, evidencia o fracaso da Estratexia Galega, e polo tanto solicitamos que no canto de externalizar este servizo, se revise para adecuala á Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética co fin de elaborar unha estratexia conxunta, transversal e adecuada á normativa estatal.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/04/2023 17:53:00**  
**Nº Rexistro: 52847**  
Data envío: 17/04/2023 17:53:00.475

Galicia ten que ter unha estratexia conxunta e transversal que marque o camiño de cara ao cumprimento do Pacto Verde Europeo e esta ten que incluír a xestión de residuos como parte fundamental deste proceso de transformación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a suspender a licitación do servizo de asesoramento para a definición da folla de ruta e Plan Estratéxico de Sogama e incluír na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 unhas liñas de actuación para que Sogama aborde con urxencia o desafío climático e ambiental previsto no Pacto Verde Europeo.

Parlamento de Galicia, 17 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/04/2023 16:56:40**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/04/2023 16:56:53**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/04/2023 16:57:14**

CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  **981.55.15.30**  
190628

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o compromiso do goberno galego de garantir a accesibilidade para persoas con diversidade funcional no servizo de transporte público metropolitano por estrada na comarca da Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No grupo parlamentario do BNG continuamos a recibir queixas das usuarias vinculadas ao servizo do transporte público metropolitano por estrada.

Os novos autocarros que circulan pola área metropolitana da Coruña indican claramente que son accesíbeis para persoas con diversidade funcional, porén están a rexeitar o acceso a persoas en cadeira de rodas, argumentando que os cintos de seguranza non están adaptados nos asentos a estas persoas.

Esta circunstancia é lamentábel, xa que a concesión foi anovada en datas recentes, do que se deduce que ou ben a Xunta deu pouca relevancia á accesibilidade como criterio prioritario na adxudicación dos novos contratos ou ben a Xunta non supervisa a accesibilidade das liñas por ela aprobada e fai abandono das súas funcións máis elementais.

En días pasados, persoas do BNG de Oleiros como testemuñas presenciais, comprobaron in situ como empresas concesionarias do transporte colectivo na comarca da Coruña impediron até en dúas ocasións e en liñas diferentes a un rapaz en cadeira de rodas o acceso a un autobús con destino ou tránsito por Oleiros.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As razóns esgrimidas polos condutores de ambos os dous autobuses, de recente matriculación, foron que os vehículos non dispuñan de cinto de seguranza para persoas con mobilidade reducida. Porén, os buses tiñan sinalizado no seu frontal que eran aptos para persoas con mobilidade reducida.

A persoa discriminada manifestou a súa perplexidade e disconformidade, perante a cal un dos condutores indicou que debía el traer o cinto da casa.

A non accesibilidade é unha constante neste tipo de transportes; as dificultades descritas súmanse as limitacións relacionadas coa accesibilidade nalgúns dos buses con que as concesionarias cobren os servizos que atravesan o concello de Oleiros: vehículos con escaleiras moi empinadas, sen rampa para persoas con dificultades de mobilidade, sen espazo para persoas con diversidade funcional ou carriños de bebé...

A accesibilidade, en definitiva, brilla pola súa ausencia, e o transporte está pensado case exclusivamente para persoas sen necesidade complementaria ningunha e en pleno uso de todas as súas funcións.

Unhas limitacións que se veñen engadir a outras que a veciñanza de Oleiros padece; liñas de autobús que van saturadas, tendo que ir de pé en horas punta pola negativa das empresas concesionarias a reforzar o servizo con máis vehículos, atrasos continuos, traxectos que por veces superan a hora de duración, etc.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a adoptar canto antes as medidas necesarias para garantir o dereito de accesibilidade universal no transporte público metropolitano da comarca da Coruña.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 18/04/2023 10:24:16**

**Paulo Ríos Santomé na data 18/04/2023 10:24:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2023 10:24:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de impulsar o *plan galego para a mobilización da vivenda baleira* para intervir sobre a mesma e garantir a súa función social.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é a Comunidade que conta cunha maior porcentaxe de vivenda baleira do Estado ao alcanzar o 18,6%. O censo de vivenda elaborado en 2011 polo INE cifraba o conxunto nun total de 300.000 unidades. De feito, o 8,7% do total das vivendas baleiras de todo o estado atópanse en Galiza.

O censo de 2021 que elaborou o INE e que está á espera de ser publicado, terá unha metodoloxía diferente ao anterior, mediante a implantación dun Ficheiro Censal de vivendas e a substitución, ademais, da clasificación de vivendas non principais- en secundarias e baleiras - por unha nova baseada nos consumos. Por tanto, unha futura comparativa de datos entre un e outro censo puidera reflexar variacións importantes e unha lectura distorsionada da evolución. Para alén dos datos do Estado, a Xunta de Galiza carece de datos propios, xa que o único informe realizado polo Observatorio da Vivenda de Galiza en 2019, apenas reutiliza datos do propio INE de 2011. Por tanto, resulta complicado cuantificar o problema.

En todo caso, é unha realidade que a presenza de vivenda baleira e desocupada en Galiza segue a ser un problema e que a situación dende 2011 non ten mudado de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

forma substancial. Á espera de que saia publicado o novo censo de 2021, hai un dato que é xa coñecido: o censo de poboación de Galiza descendeu dende o 2011 ao 2021 un 2,7%, o que supón case 100.000 persoas menos. En xeral o censo de poboación tendeu a estancarse en todo o territorio. Así, o excedente de parque inmobiliario en relación coa poboación non puido mellorar pola vía dunha maior demanda.

Tampouco a Xunta de Galiza ten aplicado medidas útiles en todos estes anos para tratar de reverter esta situación. Todas as políticas en materia de vivenda baleira resultaron ser un fracaso estrepitoso. Dende o programa de vivendas baleiras, até o Censo de vivenda baleira, pasando polas axudas para a súa mobilización, todas e cada unha das medidas implantadas pola Xunta acadaron resultados realmente pésimos ou nulos.

Mentres tanto, a accesibilidade á vivenda segue a ser un dos problemas sociais principais. Esta dupla condición de xente sen casa e casas sen xente é o que impulsou a diversas CCAA e a outros estados a impulsar políticas que interveñan sobre a vivenda baleira e ao mesmo tempo procuren paliar os déficits estruturais en materia de dereito á vivenda e nomeadamente en materia de vivenda pública.

Os eixos comúns desta nova política son a consideración de que a vivenda ten unha función social. É dicir, que un propietario tamén ten unha serie de obrigas coa sociedade. Coinciden na implementación de medidas de presión fiscal para fomentar que esas vivendas se poñan no mercado libre e disuadir aos propietarios de deixalas baleiras. Tamén comparten a idea de dirixir unha parte da vivenda baleira a mellorar o acceso á vivenda, mediante programas públicos que fomentan que o propietario poña a vivenda a prezos asequibles. Ademais, son políticas que distinguen o tipo de propietario: non poden ter o mesmo tratamento un pequeno propietario que unha entidade financeira, porque as causas que motivan a deturpación da función social é diferente e por tanto procuran unha lóxica redistributiva e equitativa.



Levamos xa unha década de cambios lexislativos noutras CCAA e o goberno de Galiza segue na mentalidade precrise da burbulla inmobiliaria e do actual aumento dos prezos da vivenda, como se non tivese pasado nada. Dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos a necesidade de impulsar en Galiza unha serie de medidas adecuadas á nosa realidade territorial para intervir nesta realidade. O *Plan galego para a mobilización da vivenda baleira* é un conxunto de actuacións que procuran reducir a porcentaxe de vivenda baleira e incrementar e facilitar o acceso á vivenda, especialmente ás persoas con menos recursos. Mais non só, porque estas medidas teñen tamén implicacións máis profundas no modelo inmobiliario. Primeiro, ao aflorar a vivenda no mercado de aluguer ou da venda, produce un aumento da oferta que contribúe a un descenso duns prezos de mercado. Segundo, ao provocar o interese do propietario por sacalo ao mercado, dinamiza un maior investimento na conservación e rehabilitación dos inmobles. Terceiro, evita o consumo de solo contribuindo a un modelo territorial máis sostible. Por último, xera un efecto de disuasión para aqueles inversores cuxa estratexia consiste en encher a súa carteira de activos inmobiliarios que logo deixan fora do mercado. E iso implica unha economía menos dependente das flutuacións e dos ciclos do mercado inmobiliario e da construción.

A inacción do goberno da Xunta ten que dar paso a unhas políticas valentes e innovadoras pensadas para a realidade territorial e social galega, que permitan reconducir de raíz esta dramática situación. Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Elaborar dende o Observatorio da Vivenda de Galiza un estudo e enquisas propias sobre o **estado do parque inmobiliario baleiro en Galiza** que inclúa a







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cuantificación e caracterización da vivenda baleira e un rexistro de inmobles singulares con outros usos que se atopen baleiros.

2. Desenvolver un **marco regulatorio** propio para abordar o problema da vivenda baleira en Galiza co obxectivo de que as vivendas desocupadas inxustificadamente se incorporen ao mercado inmobiliario e cumpran coa súa función social. Esta nova regulación configurárase atendendo ás seguintes pautas:

**2.1. Regular o procedemento** de declaración de vivenda baleira, a definición de tipos de propietarios e a creación dun rexistro de vivendas baleiras.

**2.2. Delimitar as áreas** nas que serán de aplicación medidas de intervención sobre as vivendas baleiras. A delimitación estará baseada en criterios obxectivos de demanda, tales como a demanda acreditada no Rexistro de Demandantes de Vivenda e non cuberta mediante vivenda pública ou as variacións nos prezos da vivenda libre.

**2.3. Impulsar**, nestes ámbitos de acreditada demanda e necesidade de vivenda, as seguintes **regulacións**:

- **Medidas impositivas** que graven o incumprimento da función social da propiedade das vivendas. As cotas do imposto regularanse definindo **tipos progresivos** en relación co tipo de propietario e o total de metros cadrados. Así mesmo poderán aplicarse **reducións** neste imposto, tamén con criterio progresivo, por aquelas vivendas baleiras mobilizadas cara o alugueiro a prezos accesibles.

- No caso de que a vivenda non sexa mobilizada pasado un tempo determinado e ante a negativa do propietario a acollerse aos programas de fomento, poderán aplicarse **outras medidas de intervención directa** por parte do IGVS, co fin de que estas vivendas baleiras poidan cumprir coa súa función social.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2.4. A administración Pública articulará para o conxunto do territorio unha serie de **medidas de fomento** para mobilizar as vivendas baleiras, tendo en conta a demanda do ámbito e as capacidades económicas e tipo de propietario. Entre estas inclúense:

- **Axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética**, priorizando as axudas a aqueles propietarios con menos recursos económicos. As axudas estarán condicionadas á posterior ocupación como vivenda principal.

- A posta en marcha dun **programas de mediación** por parte do IGVS que procuren a posta en aluguer de vivendas baleiras privadas a prezos limitados, a través da articulación dun conxunto de medidas de contraprestación segundo o tipo de propietario, entre as que se inclúe o asesoramento, a tramitación e xestión dos contratos, a publicidade e información á sociedade e as axudas e xestión para o acondicionamento da vivenda.

3. Desenvolver o **marco regulatorio do actual Censo de vivenda baleira** da Xunta baixo os seguintes criterios:

- Transparencia: Facer pública a información relativa ao Censo de Vivenda Baleira, incluíndo datos do municipio, tipo de propietario, número de vivendas en propiedade, estado do inmovible, superficie útil, data de última ocupación, data de licenza de primeira ocupación e se a vivenda se atopa baixo algún réxime de protección. Así como realizar e publicar unha cartografía deste parque inmobiliario mediante sistemas de información xeográficas.

- Función social: Regular as obrigas sociais para estes propietarios, establecendo mecanismos para a disposición do parque residencial deste censo baixo rendas limitadas para as familias en situación de maior vulnerabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4. Impulsar a **creación da comisión da vivenda pública e accesible** encargada, entre outros, da adquisición de vivenda baleira- e de adecuación no caso de ser necesario- e a súa incorporación ao parque público de vivendas. Dita comisión actuará baixo criterios transparentes de selección de inmobles que teñan en conta a demanda acreditada de vivenda pública e criterios de equilibrio territorial e urbano.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/04/2023 13:07:40**

**Paulo Ríos Santomé na data 18/04/2023 13:07:51**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2023 13:07:58**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo**, e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa á demografía empresarial.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes celébrase o Día Mundial das Persoas Emprendedoras. Aínda que Galiza é unha das comunidades onde máis se emprende, atendendo ás cifras publicadas en datas recentes polo Instituto Galego de Estatística (IGE) sobre demografía empresarial, observamos como existen datos moi preocupantes relativos a esa actividade emprendedora. No ano 2021 (o último da serie con datos) na Galiza “morreron” máis empresas das que se crearon, polo que a taxa de crecemento neto nese ano foi negativa (-1,42%).

Se analizamos a evolución das taxas de nacemento e morte de empresas, dende a crise do 2008 até o 2015, desapareceron todos os anos máis das que se crearon, e foi no 2015 no que se crearon máis empresas das que desapareceron. No ano 2020 (ano da pandemia) a taxa neta foi outra vez negativa, igual que no 2021, confirmando unha tendencia negativa. Datos preocupantes que amosan unha clara tendencia negativa da taxa neta de demografía empresarial, porque, alén do efecto loxicamente distorsionador e negativo nesta taxa que tiveron a pandemia e a crise inflacionista, hai constantes que se repiten dende fai anos e que amosan que as políticas de creación de empresas do Partido Popular desde que está á fronte da Xunta constituíron un fracaso.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A taxa de actividade emprendedora (TEA) que mide a porcentaxe de persoas que deciden emprender dentro das persoas que traballan ou están buscando traballo (poboación activa) presenta unha diminución respecto ao 2020 e non recuperou as porcentaxes previas á pandemia.

O indicador de supervivencia e permanencia das empresas creadas tampouco é positivo. Se tomamos como referencia o ano 2013, observamos como de cada 100 empresas que naceron nese ano, tan só o 39,95% seguían con actividade no 2021; un 23,2% pecharon no primeiro ano de vida. Se analizamos a taxa de supervivencia das pequenas e medianas empresas (pemes) e creadas no 2017, vemos como só resistiron abertas até o 2021 40 da cada 100. No caso das traballadoras e traballadores autónomos, a taxa de supervivencia nese período (2017-2021) aínda é menor: 30,18 %.

Unha situación preocupante, máxime cando o ecosistema empresarial galego está constituído, maiormente, por pemes e autónomos á fronte de pequenas empresas familiares.

Se a análise a facemos por sectores, a taxa neta de demografía empresarial amosa que a caída máis grande afecta a empresas do sector da industria (-2,59%), algo que xa é unha constante nos últimos anos. Desde o 2009 até o ano 2021, último medido, o noso país acumulou 13 anos cun saldo negativo desta taxa.

Datos todos estes que amosan ás claras desidia e deixación das funcións e competencias atribuídas á Xunta de Galiza nesta materia, así como a inexistencia de planificación ou plans reais e efectivos de promoción e consolidación empresarial sostidos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Solicitalle ao Consello Económico e Social a elaboración dun informe para que se remita ao Parlamento no primeiro trimestre do 2024, que conteña unha análise sectorial, territorial e evolutiva de todos os indicadores de demografía empresarial desde o ano 2009, que permita facer unha diagnose actualizada e integral da situación real do emprendemento na Galiza.

- Implementar, en base a ese informe, dun Plan Estratéxico de Promoción e Consolidación Empresarial sostido no tempo para reverter as baixas taxas de supervivencia de empresas na Galiza e optimizar os fondos que podan chegar doutras administracións, estatais ou europeas, destinados a ese fin. Consensuado coa totalidade do tecido empresarial e asociacións representativas (de todos os sectores), e contando na súa elaboración co asesoramento de universidades e escolas técnicas superiores, así como a participación das administracións locais.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 18/04/2023 13:45:27**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/04/2023 13:45:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2023 13:45:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2023 13:46:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a afectación do parque eólico Alvite II sobre a veciñanza de Santa Comba.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos estamos asistindo no noso País a unha verdadeira invasión de parques eólicos. Baixo a premisa da xeración de enerxía sustentable, estanse a presentar proxectos para a construcións de novos parques eólicos de xeito masivo e indiscriminado. Esta situación ademais vese favorecida por unha normativa obsoleta e permisiva coas grandes empresas, o que provoca que a poboación se atope nunha situación de indefensión e en desigualdade de condicións á hora de contestar a estas grandes corporacións multinacionais.

No concello de Santa Comba existen actualmente 9 proxectos para a construción de parques eólicos en diferentes estados de tramitación e con diferentes requirimentos por parte das administracións, o que supón unha auténtica invasión eólica. Dous destes proxectos, o de Campelo e o de Bustelo, ambos proxectados por Greenalia, foron recentemente paralizados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza tras o recurso interposto por ADEGA por unha posible fragmentación artificial de ambos proxectos xunto co de Monte Toural e por unha redución nos prazos de exposición pública.

Mais o certo é que a veciñanza continúa preocupada pola permanencia dos demais proxectos. O lugar de Barbeira, na parroquia de Fontecada está afectado polo







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

proxecto Alvite II, de 27 MW, promovido por Green Capital Power S.L. e que afectaría aos concellos de Mazaricos, Negreira e Santa Comba. Os 6 aeroxeneradores que compoñen este proxecto supoñen unha ameaza para o modo de vida das veciñas, para a súa propia saúde, máis tamén para o aproveitamento agrogandeiro da zona, pois un destes aeroxeneradores está proxectado a menos de 500m dunha granxa de vacún, coas implicacións que tería, entre outras, para o benestar dos animais.

Tamén sinalar as importantes consecuencias para o aproveitamento cultural e paisaxístico, pois este parque eólico afectaría ao camiño entre Santiago de Compostela e Fisterra, sen obviar o innumerable patrimonio que a día de hoxe se atopa aínda sen catalogar. Na contorna tamén se encontra unha base para helicópteros que estaría irremediabilmente afectada por este proxecto eólico.

Ademais desta importante afectación en superficie, cómpre ter presente as consecuencias que tería tamén sobre as augas do subsolo. Por unha banda, pola afectación que se daría sobre as augas subterráneas e en consecuencia, sobre os mananciais, fontes ou incluso captacións de auga para o uso particular. Mais tamén habería que atender á afectación de humidaís, brañas e regatos que hai na contorna.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a paralizar cautelarmente os proxectos de parques eólicos existentes actualmente na comarca do Xallas e realizar unha avaliación conxunta do impacto que terá a construción e instalación de todos eles ademais das liñas de evacuación de todos eles e o resto de infraestruturas que precisen.

Así mesmo, elaborar e impulsar a aprobación dun novo marco legal e dun novo plan sectorial que conte coa participación dos axente implicados e que garanta un





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

desenvolvemento eólico con participación pública que sexa xusto socialmente e  
respectuoso co medio natural e rural.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 18/04/2023 16:38:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2023 16:38:33**





## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## Exposición de motivos

O día 1 de abril de 2022 publicouse, no Boletín Oficial do Estado, a Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

Na súa disposición adicional cuarta establécese que o disposto nesta Lei enténdese, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Traballo e Economía Social respecto da formación no traballo, a orientación para o emprego e a regulación da cota de formación profesional e a súa afectación, que se regulará de acordo coa súa normativa específica.

Así mesmo, o pasado 1 de marzo de 2023, publicouse no Boletín Oficial do Estado a *Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego*, que ten por obxecto establecer o marco de





ordenación das políticas públicas de emprego e como obxectivos, promover e desenvolver a planificación, coordinación e execución da política de emprego e garantir o exercicio dos servizos garantidos e a oferta dunha axeitada carteira de servizos ás persoas ou entidades demandantes dos servizos públicos de emprego, á fin de contribuír á creación de emprego e redución do desemprego, mellorar a empregabilidade, reducir as fendas estruturais de xénero e impulsar a cohesión social e territorial.

E o artigo 31 establece que o se entende por políticas activas de emprego, é dicir, o conxunto de servizos e programas de orientación, intermediación, emprego, formación no traballo e asesoramento para o autoemprego e o emprendemento.

Por outra banda, o Ministerio de Educación e Formación Profesional está a elaborar o proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación do sistema de formación profesional (en adiante, Proxecto de Real Decreto).

No seo da Conferencia Sectorial do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación para o Emprego, a Comunidade Autónoma de Galicia puxo de manifesto as súas alegacións, baseadas fundamentalmente en que este proxecto de Real Decreto está viciado de nulidade de pleno dereito, ao vulnerar e contradicir normas de rango xerárquico superior como a propia Lei Orgánica 3/2022 e a Lei 3/2023, de Emprego.

Ademais, ese Proxecto de Real Decreto regula políticas activas de emprego, chocando coa regulación contida na Lei de Emprego e establecendo un sistema ineficaz, ao atribuír á administración educativa funcións propias da Administración laboral, e ineficiente por duplicar órganos e instrumentos de actuación.

A Lei Orgánica 3/2022 nas súas disposicións finais sexta e oitava, invoca, entre outros, como título competencial, o artigo 149.1.7ª da Constitución, que non é outro que o





relativo á lexislación laboral; e o invoca no que atinxe a elementos da formación profesional para o emprego e outros aspectos que se incardinan en materia laboral. Isto deixa patente que o Proxecto de Real Decreto estase metendo de cheo en competencias propias da Administración laboral, e máis concretamente nas políticas activas de emprego.

Cómpre tamén sinalar que na vía regulamentaria as Administracións públicas actúan no marco de potestades previamente delimitadas na norma con rango legal e deben respectar os dereitos e actividades que se realizan na esfera persoal e que a lei habilitante non regula expresamente. Neste sentido, a “aprendizaxe”, e a “formación” son tamén actividades persoais e actividades económicas de servizos que poden producirse á marxe do sistema de formación profesional establecido legalmente e dos seus efectos.

Así mesmo, a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, contempla a “formación no traballo” (artigo 33), allea á regulación deste Proxecto.

Resulta inadmisíbel, polo tanto, a pretensión de someter calquera actividade de aprendizaxe ou formativa de calquera natureza das persoas e das empresas a este marco regulatorio, polo que resulta imprescindible que o texto do Proxecto do Real Decreto se axuste ao ámbito de desenvolvemento regulamentario da Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar a paralización da tramitación do Proxecto de Real Decreto polo que se





establece a ordenación do sistema de formación profesional e se proceda a súa revisión e adecuación correspondente aos marcos competenciais respectivos”.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 19/04/2023 10:24:22**

**Noelia Pérez López na data 19/04/2023 10:24:44**

**María Corina Porro Martínez na data 19/04/2023 10:24:58**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 19/04/2023 10:25:09**

**José Alberto Pazos Couñago na data 19/04/2023 10:25:25**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/04/2023 10:25:54**

**López Sánchez, Rosalía na data 19/04/2023 10:26:08**

**Raquel Arias Rodríguez na data 19/04/2023 10:26:20**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández** e deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, relativa á situación da trata con fins de explotación sexual nas comarcas de Ourense e á valoración por parte da Xunta de Galiza dos resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A trata de persoas é un delito que explota seres humanos con numerosos propósitos, entre eles a explotación sexual, e é un delito no dereito internacional. A día de hoxe o *Protocol to Prevent, Suppress and Punish Trafficking in Persons Especially Women and Children* proporciona a única definición internacionalmente aceptada de trata de persoas e está ratificado polo Estado Español: a trata de personas significa o recrutamento, transporte, transferencia, albergue ou recepción de persoas, mediante a ameaza o uso da forza ou outras formas de coerción, secuestro, fraude, engano, abuso de poder o dunha posición de vulnerabilidade ou de dar ou recibir pagos ou beneficios para lograr o consentimento dunha persoa que ten control sobre outra persoa, con fins de explotación. A explotación incluírá, como mínimo, la explotación da prostitución doutros ou outras formas de explotación sexual, traballo ou servizos forzados, escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos humanos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A trata de seres humanos, singularmente a relacionada coa explotación sexual, afecta de forma moi superior a mulleres e crianzas. Segundo o documento sobre preguntas frecuentes sobre a trata da ONU, no ano 2018 houbo arredor de 50.000 vítimas de trata de persoas e 148 países denunciaron a súa existencia. O 50% das vítimas foron obxecto de trata con fins de explotación sexual e as mulleres representarían o 46% e as nenas o 19% de todas as vítimas de trata. Así mesmo, triplicouse o número de crianzas vítimas de trata.

Desde hai anos, numerosos documentos internacionais, como a *Declaration on the Elimination of Violence against Women of 1993* sinalan a trata e a explotación da prostitución forzosa de mulleres como forma de violencia contra as mulleres.

No ámbito do Estado español aprobouse a comezos de 2022 o *Plan estratéxico Nacional contra a trata e a explotación sexual de seres humanos, PENTRA, 2021 2023* e anteriormente diversas medidas ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia machista, entre as que se atopaba a elaboración dunha lei integral contra a trata de seres humanos, especialmente de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

No ámbito galego, o noso país foi pioneiro ao definir a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Así o recolle a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, modificada pola *Lei 12/2016, do 22 de xullo*, no seu artigo 3 letra f). Isto permitiu que desde hai anos as vítimas de trata poidan acollerse ás medidas integrais e que se desenvolveran diversas medidas de concienciación e intervención.

Neste marco, a Xunta elaborou e deu a coñecer en setembro de 2022 o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este plan considera “A trata, a explotación sexual e a prostitución son o produto dunha sociedade heteropatriarcal, na que as mulleres e as nenas son as vítimas principais, ao situalas nunha posición de inferioridade e consideralas como obxecto de intercambio comercial. Como expresión da violencia estrutural contra as mulleres, non pode dissociarse da precariedade, a pobreza e a desigualdade, escenarios que facilitan este tipo de abusos ante a falta de oportunidades económicas, educativas e de acceso aos distintos recursos. Polo tanto, un dos grandes desafíos das sociedades democráticas avanzadas non pode ser outro que combater, desde todas as fronteiras, estas execrables expresións da violencia sexual.” e incorpora cinco áreas estratéxicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas cunha previsión orzamentaria total de 7.136.424M€.

Recentemente coñecía publicamente a detención en Ourense de cinco persoas que formaban parte dunha rede criminal dedicada á trata de seres humanos e explotación sexual. As informacións xornalísticas apuntan as terribles condicións nas que varias mulleres captadas desde Venezuela e Colombia exercían forzosamente a prostitución sendo videovixiadas 24 horas. Apúntase así mesmo á complexidade dunha maior mobilidade entre pisos como forma de operar á coexistencia da venda de drogas.

Segundo as informacións de Cáritas, en Ourense habería no 2021 máis de 343 mulleres prostituídas que durante contactaran ca entidade social para recibir axuda a través do programa Alumar. Cáritas apunta tamén a un aumento desta situación, pois sinala que no ano 2022 tratou a 453, case cen máis. Nas fontes xornalísticas sinálase que nos últimos anos as forzas policiais terían baixo o seu radar arredor de 70 pisos similares a este no que se interveu recentemente na rúa Bonhome.

Estes datos apuntan unha situación moi preocupante e complexa. Polo tanto, é necesario facer seguimento das informacións e actuacións que coñece e desempeña o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

gobierno galego así como coñecer a valoración respecto dos primeiros meses de funcionamento do Plan e as perspectivas de traballo e prioridades de cronograma que se están a desenvolver.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara a información relativa aos primeiros resultados da comisión de seguimento do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a información respecto da execución orzamentaria desta primeira fase e os datos cuantitativos que teña neste momento de vítimas e de vítimas usuarias das medidas propostas.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2023 11:38:53**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/04/2023 11:39:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2023 11:39:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o colapso da ponte de “Santa Marta” en Ponte Arnelas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte, 18 de abril, a ponte de “Santa Marta”, que cruza o río Umia á altura de Ponte Arnelas, entre os concellos de Vilanova de Arousa e Ribadumia, afundiú en parte e que segundo diversas informacións está afectada a estrutura de formigón e hai rupturas de tirantes. Diante do risco que supón tanto para o tráfico de vehículos como de persoas está pechada ao tráfico, e o mesmo estase desviando pola ponte histórica chamada “dos padriños” que cruza o núcleo de Ponte Arnelas

Esta ponte forma parte da variante de Ponte Arnelas, construída para restrinxir o intenso tráfico da PO-300 pola ponte antiga, inaugurada hai tan só 16 anos, cun investimento de máis de tres millóns de euros.

Todo fai indicar que os danos que sofre a ponte son de relevancia, que se van precisar actuacións de calado para que a mesma poida ser aberta á circulación, co que os prexuízos van ser moitos tanto para toda a veciñanza dos concellos próximos así como para a actividade económica da zona. Industriais.

O BNG consideramos que é preciso que a Xunta de Galiza dea explicacións a respecto do colapso dunha infraestrutura que tan só ten dezaseis anos, razóns pola cal o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1.- Presentar un informe no Parlamento Galego coas causas do colapso da Ponte de Santa Marta en Ponte Arnelas, as inspeccións realizadas e o resultado das mesmas, así como as actuacións precisas e os prazos para que a mesma poida ser aberta ao tráfico.
- 2.- Alternativas que se van arbitrar para o intenso tráfico que circulaba por esta ponte, especialmente o pesado.
- 3.- Realizar todas as accións precisas para protexer á antiga “Ponte dos Padriños” que cruza o núcleo de Ponte Arnelas.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2023 12:04:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2023 12:04:12**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Jose Luís Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

As principais vías de comunicación por estrada entre Galicia e a Meseta son as autovías do Noroeste e a das Rías Baixas.

Unha comunicación que se está a ver dificultada, ademais de polo corte do viaduto do Castro, polo deficiente estado de conservación que presenta o firme nestas dúas autovías e que pode facerse extensible ao resto de infraestruturas viarias dependentes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Esta circunstancia repercute negativamente na seguridade viaria, que se presupón deben garantir as estradas destas características, e claramente prexudica a competitividade do noso territorio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que:

- 1º- Proceda con toda a celeridade posible a arranxar o firme deteriorado das autoestradas A-6 e A-52 que son as principais vías de comunicación de Galicia e Meseta.
- 2ª- Estableza un plan de conservación anual de todas as estradas de competencia estatal en Galicia”.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/04/2023 11:29:06  
**Nº Rexistro: 52952**  
Data envío: 20/04/2023 11:29:06.257

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/04/2023 11:15:47**

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/04/2023 11:16:09**

**Carmen María Pomar Tojo na data 20/04/2023 11:16:25**

**Ramón Carballo Páez na data 20/04/2023 11:16:40**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/04/2023 11:16:55**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/04/2023 11:17:07**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/04/2023 11:17:17**

**María Belén Salido Maroño na data 20/04/2023 11:17:43**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Jose Luís Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

Tal e como sospeitábamos o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana parece descartar a reconstrución simultánea e urxente dos viadutos do Castro, na autovía A-6, o que na práctica suporá un novo retraso no obxectivo de axilizar a solución definitiva e completa e de recuperación da normalidade nesta vía que, ata o seu peche hai xa máis dun ano, constituía o principal acceso á nosa comunidade desde a Meseta.

O Goberno de España desoe así as demandas lideradas pola Xunta de Galicia, polo sector empresarial e desde institucións como o Parlamento Galego que recentemente aprobou, no pleno do 21 de marzo, un acordo no que instaba á administración central a executar os dous novos viadutos ao tempo, o que permitiría acurtar prazos e ter esta autovía plenamente operativa e funcional en ambos sentidos de circulación á maior brevidade.

Sorprende a negativa do Goberno de España tendo en conta que o acordo acadado no Parlamento galego foi aprobado por unanimidade, isto é co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, incluído o PSdeG-PSOE, aínda que non é a primeira vez que esta formación política vota nun sentido en Galicia e despois desde Madrid, onde ten responsabilidade de goberno, decide actuar en sentido contrario.

Resulta sorprendente tamén a negativa do Executivo central tendo en conta que a construción simultánea dos viadutos é a práctica habitual e normal en obra civil co obxectivo de acurtar prazos e aproveitar recursos, e xustifícase desde punto de vista construtivo e funcional. De feito, o Ministerio actúa deste xeito nas infraestruturas da súa competencia, como nas obras da autovía A-54 entre Lugo e Santiago. Desde o Grupo Popular de Galicia seguiremos insistindo na necesidade de que o Executivo central rectifique e acometa estas obras polo procedemento de emerxencia e de xeito simultáneo, para evitar que o restablecemento total da A-6 se dilate no tempo ata arredor de 2028. Calquera outra decisión supón un grave prexuízo para as





comunicacións entre Galicia e o resto de España, lastrando especialmente o transporte de mercadorías e o turismo.

Esta situación ten lugar ademais ao mesmo tempo que se multiplican as queixas dos usuarios pola situación de deterioro que presenta o firme da autovía do Noroeste (A-6), o que supón un problema evidente de seguridade viaria, e prexudica a cohesión social e a competitividade económica do territorio polos que transcorre. Urxe que se actúe no acondicionamento desta autovía e, dado que é unha problemática habitual no resto de estradas de competencia estatal, se desenvolva un plan integral de conservación da A-6 e do resto da rede viaria estatal.

Resulta especialmente preocupante que Galicia conte con 3 autovías estatais – a A-6, a A-52 e a A-8- para conectar co resto de España e as 3 presenten problemas que non contan cunha planificación clara de como resolvelas por parte do Executivo central.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1º- Rectifique a súa decisión e acometa a reconstrución dos viadutos do Castro, na A-6, de xeito simultáneo e pola vía de emerxencia, tal e como establece o acordo acadado por unanimidade nesta Cámara o 23 de marzo de 2023, o que contribuiría a axilizar o restablecemento da circulación e a asegurar unha comunicación plenamente funcional e operativa en ambos sentidos entre Galicia e o resto da Península.
- 2º- Actúe, con carácter de urxencia, no acondicionamento da autovía do Noroeste (A-6) para mellorar o estado do seu firme, amplamente deteriorado, e dado que se trata dunha problemática común en toda a rede viaria de competencia estatal, desenvolva un plan integral de conservación e mantemento destas vías, a imaxe do que ten a Xunta de Galicia para garantir a seguridade viaria, a cohesión social e a competitividade económica dos territorios polos que transcorren”.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/04/2023 11:29:43  
**Nº Rexistro: 52954**  
Data envío: 20/04/2023 11:29:43.242

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/04/2023 11:20:18**

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/04/2023 11:20:39**

**Carmen María Pomar Tojo na data 20/04/2023 11:20:53**

**Ramón Carballo Páez na data 20/04/2023 11:21:10**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/04/2023 11:21:24**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/04/2023 11:21:43**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/04/2023 11:21:53**

**María Belén Salido Maroño na data 20/04/2023 11:22:07**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición no de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**.

No ano 2007, aprobábase por unanimidade no Concello de Ourense o Plan estratéxico termal de Ourense (Ptou) e tamén se declaraban As Burgas como ben de interese cultural (BIC), o que supoñía o impulso claro e definitivo de cara á explotación turística e termal da maior fonte de riqueza da cidade de Ourense.

No ano 2008, o Parlamento de Galicia aprobaba tamén por unanimidade dos grupos políticos do PSdeG-PSOE, BNG e PP a declaración de Ourense como Capital Termal de Galicia, o que presupoñía un pulo ao coñecemento e á posta en valor dos recursos termais de Ourense e a súa provincia.

Coa aprobación desta iniciativa implicábase á Xunta de Galicia a que facilitase os investimentos públicas e apoiase os programas e proxectos que se incluían no Petou que se presentasen noutras administracións, en especial os referentes á Unión Europea, e no que se recollían investimentos públicos e privados.

Outro dos apartados recollidos naquela declaración incluía que a Xunta debería favorecer a difusión e presenza dos recursos termais naquelas feiras, exposicións e congresos que fosen organizados dende a Administración autonómica.



Coa chegada ao goberno do bipartito PSOE-BNG en Ourense no ano 2007 e ata 2012, e despois co goberno do PSOE en minoría ata 2015 desenvóléronse numerosas actuacións que dotaron de novas infraestruturas á nosa cidade no eido do turismo e o termalismo, nunha aposta clara por un cambio de modelo urbanístico e de cidade, estratéxico e de futuro.

As novas infraestruturas e dotacións nas zonas termais creadas foron (2007-2015) a piscina termal das Burgas (actualmente pechada), O Centro de Interpretación Termal das Burgas (pechado na actualidade), que incluía unha nova zona verde de 6.000 m<sup>2</sup> no corazón do casco histórico da cidade, novos apartamentos turísticos, o restaurante das Pozas de Maimón, a rehabilitación e posta en valor da fonte do Tinteiro e a fonte Bouvette no Campo da Feira.

Paralelamente á creación de novas dotacións realizouse a xestión urbanística chave para o futuro desenvolvemento termal da cidade a través do impulso do Plan especial das Burgas e o Plan especial A Chavasqueira-As Caldas.

Dende o ano 2015 ata a actualidade produciuse un estancamento do proxecto de desenvolvemento termal e un grave deterioro sobre todo dende a crise sanitaria provocada pola covid-19, e tamén por dous incendios que levaron por diante tanto o balneario privado da Chavasqueira (24 de abril de 2019) como o restaurante das Pozas de Maimón (28 de xullo de 2019).

O actual rexedor da cidade, Gonzalo Pérez Jácome, ao que Feijóo apoiou para a súa investidura, afirmaba en distintas intervencións públicas que “o termalismo é un bluf”, polo que non aposta en absoluto por este elemento diferencial para o turismo da cidade.



Por outra banda, nos últimos anos de mandato de Feijóo na Xunta de Galicia a súa única promesa electoral no relativo ao termalismo en Ourense foi a construción do Gran Hotel Balneario, constituíndo outra promesa incumprida polo presidente.

Tras un cúmulo de despropósitos a situación do termalismo na cidade de Ourense na actualidade podémola cualificar de grotesca, de feito ademais de permanecer pechada a piscina das Burgas e o centro de interpretación termal, o 16 de abril deste ano o Concello de Ourense pechaba a única terma que funcionaba en Outariz tras reabrila na Semana Santa.

Nun comunicado o Goberno local culpa da situación a aprobación da Lei de aproveitamento lúdico das augas termais, lei aprobada tres anos antes polo Grupo Parlamentario que sostén o Goberno da Xunta de Galicia, o Partido Popular.

Sinalando, o referido comunicado, que as dúas pozas que seguen abertas en Burga de Canedo resultan suficientes en tempada baixa para atender a demanda de bañistas.

Atopámonos nunha canella sen saída, na que o Partido Popular ten responsabilidade, que nos sitúa nunha situación grave que pode derivar en que a nosa máxima riqueza caia no absoluto abandono e desaparición se non hai un claro respaldo autonómico.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se comprometa a poñer investimentos reais para solucionar o caos termal no que se atopa na



actualidade e converta á cidade de Ourense nun destino turístico seguro, de calidade e sostible.

Parlamento de Galicia, 19 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/04/2023 12:17:12**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 20/04/2023 12:17:32**

**Martín Seco García na data 20/04/2023 12:17:45**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2023 12:18:04**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Gonzalo Caballero Miguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

O pasado 30 de marzo tivo entrada no Parlamento de Galicia a execución orzamentaria da Administración autonómica correspondente ao exercicio 2022. O programa 141A-Administración local tiña unha dotación orzamentaria inicial de 17.322.000 euros, incrementándose ao longo do exercicio en 3.044.000 euros ata acadar os 20.366.000 euros, mentres que a execución foi só de algo máis de 14 millóns de euros, é dicir, un 69,3 % do crédito vixente.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar a totalidade dos recursos orzados no programa 141A-Administración local neste exercicio 2023.

Parlamento de Galicia, 20 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** na data 20/04/2023 14:12:47

**Gonzalo Caballero Míguez** na data 20/04/2023 14:13:04







Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/04/2023 17:15:03  
**Nº Rexistro: 52977**  
Data envío: 20/04/2023 17:15:03.418

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2023 14:13:18**

CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30  
190667

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Gonzalo Caballero Míguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a **seguinte proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

O pasado 30 de marzo tivo entrada no Parlamento de Galicia a execución orzamentaria da Administración autonómica correspondente ao exercicio 2022. O Programa 733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables tiña unha dotación orzamentaria inicial de 58.469 millóns de euros, contía que foi incrementada ata acadar os 85.560 millóns de euros, da que só foi executada o 36,2 %.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a executar a totalidade dos recursos orzados no programa 733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables neste exercicio 2023.

Parlamento de Galicia, 20 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** na data **20/04/2023 17:52:23**

**Gonzalo Caballero Míguez** na data **20/04/2023 17:52:40**





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/04/2023 18:00:40  
**Nº Rexistro: 52984**  
Data envío: 20/04/2023 18:00:40.668

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2023 17:52:54**

CSV: BOPGDSPG-D2hG9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30  
190669

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

A Universidade Laboral radicada no Burgo, termo municipal de Culleredo, foi a primeira en ser construída en 1962 dentro do I Plan de Desenvolvemento Económico e Social 1964-1967 para as profesións marítimo-pesqueiras, e na actualidade está transferido á Consellería de Cultura, Educación e Universidade coa denominación de CIFP (Centro Integrado de Formación Profesional) Universidade Laboral.

A súa construción foi proxectada polos arquitectos José López Zanón e Luís Laorga Gutiérrez e en 2001 o Colexio de Arquitectos da Coruña, no día Mundial da Arquitectura, elixiuno como exemplo da *“recuperación da modernidade arquitectónica no noso país nos anos 60”*.

As instalacións da dita Universidade Laboral contan con 3.500 m2, cunha serie de edificacións intercomunicadas a través de galerías cubertas, unha piscina e un auditorio.

O concello de Culleredo leva reclamándolle á Xunta de Galicia dende 2018 que se negocie un convenio de usos para varios espazos e instalacións do instituto que cada día están máis deterioradas e en desuso, entre as que se atopa a piscina interior, o salón de actos e o



auditorio, manifestándolle o concello a asunción dos custes de mantemento unha vez que a Xunta acometa as obras de mellora que necesitan as instalacións, sen que por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade se teña dado ningunha resposta.

No caso do auditorio, trátase do máis grande do municipio, con capacidade para unhas 1.000 persoas, o que lle permitiría ao concello programar eventos con máis aforo e asegurar a entrada a máis persoas interesadas, tendo en conta que o concello de Culleredo ten unha programación cultural semanal estable, que ten 30.790 habitantes e forma parte dunha comarca que supera os 400.000 habitantes.

E no caso da piscina interior, que só é empregada polo centro para prácticas do seu alumnado, podería ser utilizada por outras persoas usuarias do concello, tendo en conta a demanda existente deste tipo de instalacións.

Con esta petición, o alcalde do concello de Culleredo pretende optimizar os recursos existentes e darlle un maior uso ás instalacións xa construídas porque están sendo pouco utilizadas, o que redundaría nunha mellora da oferta deportiva e cultural do municipio e dos concellos colindantes.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que convoque unha reunión co alcalde do concello de Culleredo para negociar o



convenio que estableza as obras de rehabilitación e mellora, os usos e o mantemento das instalacións deportivas e culturais, nomeadamente a piscina interior e o auditorio, do CIFP Universidade Laboral.

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/04/2023 18:11:55**

**Noa Susana Díaz Varela na data 20/04/2023 18:12:45**

**Noelia Otero Lago na data 20/04/2023 18:13:02**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2023 18:13:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

A deputada e os deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 44.1. 3º) e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 6ª da presidenta da empresa REDEIA (antiga REE) ou da súa delegada na Galiza** para dar conta das previsións para Galiza do "Plan estratéxico 2021-2025" aprobado polo goberno estatal.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

**Carmela González Iglesias**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 19/04/2023 11:24:54**

**Daniel Pérez López na data 19/04/2023 11:25:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Carmela González Iglesias na data 19/04/2023 11:25:28**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Comisión 2ª

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia na Comisión 2ª do director da Axencia Galega de Infraestruturas (AGI)** para dar conta das causas do colapso da ponte de “Santa Marta”, as inspeccións realizadas e o resultado das mesmas, así como as actuacións precisas e os prazos para que a mesma poida ser aberta ao tráfico.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2023 11:37:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2023 11:37:16**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez na data 19/04/2023 11:37:32**

**Paulo Ríos Santomé na data 19/04/2023 11:37:48**





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior – do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para a **presentación do Proxecto do V Plan Director de Cooperación Galega para o período 2023-2026, segundo o previsto no artigo 87.2 da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/04/2023 13:31:46**  
**Nº Rexistro: 53022**  
Data envío: 21/04/2023 13:31:46.519

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/04/2023 11:31:33**

CSV: BOPGDSPG-D2hg9egTL-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A pandemia da covid-19 fixo translúcidos problemas de base en canto ao modelo de coidados en Galicia. En concreto a chamada Lei de dependencia marca seis meses como máximo para a propia resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda de máis do dobre do que a Lei permite, superando a media estatal.

Ademais nun recente estudo constatouse unha vez máis que Galicia é das CC.AA que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España nos informes dos últimos anos.

Datos moi preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda trala crise socio económica motivada pola pandemia e na actualidade marcada pola inflación. En concreto o XXII Observatorio da Dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais pon de manifesto que Galicia é unha das CC.AA que peor posición ocupa de toda España en moitos parámetros da valoración do dito Observatorio Estatal para a Dependencia. Onde indican que:

“Un total de 3.271 galegos e galegas están á espera de atención á dependencia e hai 618 persoas pendentes de valoración, segundo o *XXIII Dictamen del Observatorio Estatal de la Dependencia*, elaborado pola *Asociación de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales*.”



Hai máis dun ano a Consellería de Política Social anunciaba un proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia na provincia de Ourense, e tempo despois anunciaba medidas para toda Galicia. Sería importante coñecer se existiu un incremento de persoal nos equipos de valoración de dependencia e resolución de PIA, e o número exacto de traballadores adicionais. Hai que ter en conta que o deixar de facer as valoracións de xeito presencial, feito que aconteceu trala pandemia e demorouse no tempo, polo menos ata outubro de 2021, pódese intuír un aumento na axilidade das resolucións, pero en detrimento da propia calidade das valoracións. Por iso, é importante que a cidadanía coñeza con exactitude se a Consellería investiu en persoal para saber se os resultados varían a consecuencia do dito investimento ou polo efecto das valoracións telefónicas.

A Consellería anunciou o dito plan de choque en dependencia enmarcado no estatal para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto, especificaba:

- Implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes. Deseñando un único procedemento do recoñecemento de dependencia así como o Programa Individual de Atención.
- Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorarase o modelo de xestión de citas, entre outras medidas, segundo a Consellería de Política Social.

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal é o investimento para lograr reducir as listas de espera, e en canto ao incremento do número de persoas técnicas dos equipos de valoración saber cantos deles responden a contratos laborais indefinidos e cantos temporais. A propia conselleira afirmou



que incrementarían o persoal, polo que é urxente un informe detallado del onde se aclare se todos os técnicos corresponden a contratación a cargo de fondos europeos e á súa duración.

Sería importante ademais coñecer mediante un informe elaborado pola Consellería de Política Social, cantos cambios de PIA de oficio mudaron libranzas na contorna familiar por SAF en Galicia dende o ano 2010 ata o momento. Así como, as prazas vacantes en centros de día e residencias por provincias.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan, interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera necesario o Goberno galego aumentar o persoal nos EVD?
2. Incrementou o Goberno galego o persoal en dependencia? Se for o caso, cantos profesionais adicionais?
3. Que medidas ou recursos vai investir o Goberno galego para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos que establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia?
4. Segundo o Goberno galego, que número exacto de expedientes sufriron cambios de PIA de oficio por parte da administración pasando dunha libranza a un servizo de SAF dende o ano 2010 ata a actualidade?
5. Cales son as listas de espera por cada provincia e por cada servizo ou libranza, incluíndo as solicitudes sen gravar no sistema?



6. Cantas prazas vacantes de centros de día e residencias hai por cada provincia?

Parlamento de Galicia, 17 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 17/04/2023 11:25:30**

**Julio Torrado Quintela na data 17/04/2023 11:25:50**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte do Goberno galego dos resultados de execución e modificacións de crédito dos Orzamentos Xerais de Galiza do ano 2022 a 31 de decembro de 2022.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o goberno galego remitiu, conforme estipula o marco legal, os datos definitivos de execución e modificacións de crédito dos Orzamentos Xerais de Galiza do ano 2022 a 31 de decembro de 2022. É necesario, polo tanto, máis alá da cuestión numérica, que o goberno galego faga unha valoración da súa xestión e dos seus resultados, toda vez que o orzamento é unha das ferramentas máis significativas que ten un goberno para impulsar as súas políticas.

Analizadas as contas, podemos observar a permanencia dalgunhas das súas eivas tanto de execución como de planificación ou de enfoque. Isto mesmo podemos afirmalo respecto das contas xerais da comunidade avaliadas polo Consello de Contas, que fan prever un resultado similar para este exercicio, aínda que de momento coñezamos só a de 2020.

O nivel global de execución dos orzamentos 2022 das consellarías a 31/12/2022 foi dun 90,6%. Sumando o resto de seccións, a execución foi do 89,4%, deixándose sen executar 1.458 M€. Entre as seccións con menor nivel relativo de execución están,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

como en exercicios precedentes, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Emprego e Igualdade, Economía, Empresa e Innovación, Mar, Medio Rural, e Infraestruturas e Mobilidade. En termos absolutos deixaron-se de executar 232 M€ en Emprego e Igualdade, 165 M€ en Medio Rural, 153 M€ en Medio Ambiente, 137 M€ en Economía, 132,7 M€ en Sanidade, etc.

Canto aos capítulos, como en anos anteriores, constatamos a baixa execución relativa dos capítulos de transferencias de capital e de investimentos reais. Canto aos programas, non superan un nivel de execución do 50% programas relacionados con vivenda, formación profesional de ocupadas/os e desempregadas/os, protección social, e outros relacionados con a pesca e o sector agroalimentario ou a eficiencia enerxética. Entre o 50% e o 75% de execución volvemos atopar programas relacionados con a pesca e o agro, alén doutros relacionados coa economía social, a competitividade e a innovación tecnolóxica, o territorio e as infraestruturas, a administración local, o urbanismo ou os transportes.

No que respecta ás modificacións de crédito, cabe recordar que consisten na diferenza entre o crédito inicial e o crédito final, denominado “vixente” e que poden ser de varios tipos: transferencias de crédito, ampliacións de crédito, xeración de crédito, baixas, reposicións, etc. Se atendemos a clasificación por seccións ou consellarías, observamos unha diminución dos créditos iniciais nas consellarías de Infraestruturas e Mobilidade, -23,1%; Mar con -20,4%; Economía, Empresa e Innovación con -12,5%; Medio Rural cun -4,7% e Presidencia cun -3,7%. doutro lado destacar o aumento dos créditos iniciais nas consellarías de Emprego e Igualdade nun +26%; Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cun +17,4%, consellaría que inclúe algúns dos programas con menor execución, Sanidade cun +10,9%, a Vicepresidencia 1ª e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo cun +6,6%, Facenda con +5,6%, Cultura Educación e Universidades cun +2,7% e Política Social con +0,9%.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Canto ás modificacións de crédito por capítulos, en consonancia cos niveis de execución, salientamos a diminución dos créditos iniciais para Investimentos Reais e para Transferencia de Capital. Canto ás modificación de crédito por programas, entre os programas afectados por unha variación de crédito negativa atopamos programas relacionados con planificación e xestión hidrolóxica, con áreas de pesca, prevención do abandono escolar, promoción social de novo a investigación e innovación, o rural, o medio ambiente, infraestruturas, etc.

É necesario facer unha valoración global da execución dos orzamentos de 2022, das súas modificacións máis relevantes e do grao de cumprimento dos obxectivos previstos.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración global do goberno galego respecto da execución e modificación dos orzamentos de 2022?

Considera que as mudanzas respecto da planificación inicial responden á adaptación da conxuntura ou á mala planificación? En que se basea?

A que obedece que as seccións con menor nivel relativo de execución sexan, como en exercicios precedentes, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Emprego e Igualdade, Economía, Empresa e Innovación, Mar, Medio Rural, e Infraestruturas e Mobilidade?

Que ten feito para mellorar esta situación?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Obedecen as modificacións orzamentarias a cambios de criterio político sobre as prioridades? En que consistiu?

Como explica a recorrencia de programas con menos dun 50% de execución?

Que vai facer para impulsar as medidas recorrentemente demandadas polo Consello de Contas?

Considera que cumpre adecuadamente a lexislación en materia de transparencia?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 17/04/2023 12:31:42**

**Ramón Fernández Alfonso na data 17/04/2023 12:31:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 12:32:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás actuacións que debe impulsar o goberno galego para evitar que os concellos galegos reciban cada vez menos recursos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galiza.

### Exposición de motivos

Recentemente coñeciamos os datos do Informe de Fiscalización Fondos Europeos que elaborou o Consello de Contas respecto do exercicio 2020. Neste informe, na liña dos anteriores, salienta negativamente a evolución da participación dos concellos galegos dos fondos europeos que xestiona a Xunta de Galiza.

Dito informe sinala que 245 Concellos recibiron pagos por valor de 13.415.284,79€. Prodúcese así un aumento respecto ao exercicio anterior no número de Concellos beneficiarios (210 en 2019) e pola contra unha diminución na cantidade percibida (14.224.253,41€ no exercicio 2019). Sobre o total dos Fondos Europeos percibidos por Galiza (679.464.897,40€) no exercicio 2020 o recibido polos concellos representa o 1,97% do total, en 2019 o recibido polos concellos representou o 2,64% do total (539.480.687,41€).

Neste informe sinálase tamén que mentres os pagos realizados a todos os beneficiarios de Fondos Europeos pasaron de 539.480.687,41€ do exercicio anterior, a 679.464.897,40€, cun aumento do 25,95% (139.984.209,99€), pola contra no caso dos concellos produciuse unha diminución do 5,69% (808.968,62€). Isto quere dicir que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mentres que de forma xeral aumentan os pagos en correspondencia ao avance e peche de proxectos correspondentes ao marco financeiro actual 2014-2020, no caso dos concellos non se reflicte a mesma tendencia.

O consello considera que na serie histórica consolídase a tendencia baixista iniciada xa nos exercicios 2016 e que continua ata o exercicio actual e que se nos exercicios anteriores 2015 e 2014 se produciu unha alza foi debida a que se prorrogaron os pagos con cargo aos proxectos do marco 2007-2013. Confírmase así a serie histórica descendente no actual exercicio, xa que desde que a participación dos concellos alcanzou o máximo no exercicio 2014 do 4,69%, esta non deixou de diminuír.

Tal e como se sinala no informe “Desde o Consello de Contas, vense recomendando unha maior presenza de proxectos europeos no financiamento de programas de actuacións municipais, de forma que este tipo de entidades públicas poida beneficiarse dunha forma máis ampla das distintas iniciativas europeas.” mais o certo é que a Xunta de Galiza non vén actuando ao respecto.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para corrixir a caída histórica que provocou na participación dos concellos galegos dos fondos europeos que recibe Galiza?

Cales son as razóns da Xunta para non tomar medidas malia as advertencias dos concellos galegos e do Consello de Contas?

Como xustifica o acelerón á redución da participación que impulsou a partir de 2016?

Considera que é xusto social e territorialmente non favorecer a maior participación dos concellos neste recurso fundamental?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Prevé os mesmos resultados para os fondos máis recentes?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/04/2023 17:19:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 17:19:58**

**Daniel Pérez López na data 17/04/2023 17:20:06**

**Ramón Fernández Alfonso na data 17/04/2023 17:20:14**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey** e **Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Hai uns días a entidade Sogama, que xestiona a maior parte dos residuos no territorio galego, sacou a licitación un contrato cuxo obxecto consistía nun servizo de asesoramento na definición da folla de ruta de Sogama (2024-2030) e asistencia técnica na definición e seguimento dela.

A razón do contrato basease na necesidade de abordar con urxencia o desafío climático e ambiental e que Galicia se sume á transformación prevista no Pacto Verde Europeo.

Este contrato ten un valor estimado de 884.776,10 € máis IVA.

Por outra banda, a Xunta de Galicia aprobou no ano 2019 a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 que tiña como finalidade establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático e contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global nesta materia.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a necesidade de que Sogama externalice o traballo consistente en establecer unha folla de ruta de cara o cumprimento dos obxectivos marcados pola UE, evidencia o fracaso da Estratexia Galega, e polo tanto solicitamos que no canto de externalizar este servizo, se revise para adecuala á Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética co fin de elaborar unha estratexia conxunta, transversal e adecuada á normativa estatal.



Galicia ten que ter unha estratexia conxunta e transversal que marque o camiño de cara ao cumprimento do Pacto Verde Europeo e esta ten que incluír a xestión de residuos como parte fundamental deste proceso de transformación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Entende o Goberno galego que a necesidade de que Sogama externalice o traballo consistente en establecer unha folia de ruta de cara ao cumprimento dos obxectivos marcados pola UE, evidencia o fracaso da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050?
2. Como xustifica o Goberno galego que Sogama teña que externalizar a elaboración da súa estratexia a seguir para abordar o desafío climático e ambiental para que Galicia se poida sumar á transformación prevista no Pacto Verde Europeo?

Parlamento de Galicia, 17 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/04/2023 17:51:21**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/04/2023 17:51:35**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de impulsar o *plan galego para a mobilización da vivenda baleira* para intervir sobre a mesma e garantir a súa función social.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é a Comunidade que conta cunha maior porcentaxe de vivenda baleira do Estado ao alcanzar o 18,6%. O censo de vivenda elaborado en 2011 polo INE cifraba o conxunto nun total de 300.000 unidades. De feito, o 8,7% do total das vivendas baleiras de todo o estado atópanse en Galiza.

O censo de 2021 que elaborou o INE e que está á espera de ser publicado, terá unha metodoloxía diferente ao anterior, mediante a implantación dun Ficheiro Censal de vivendas e a substitución, ademais, da clasificación de vivendas non principais- en secundarias e baleiras - por unha nova baseada nos consumos. Por tanto, unha futura comparativa de datos entre un e outro censo puidera reflexar variacións importantes e unha lectura distorsionada da evolución. Para alén dos datos do Estado, a Xunta de Galiza carece de datos propios, xa que o único informe realizado polo Observatorio da Vivenda de Galiza en 2019, apenas reutiliza datos do propio INE de 2011. Por tanto, resulta complicado cuantificar o problema.

En todo caso, é unha realidade que a presenza de vivenda baleira e desocupada en Galiza segue a ser un problema e que a situación dende 2011 non ten mudado de forma substancial. Á espera de que saia publicado o novo censo de 2021, hai un dato





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que é xa coñecido: o censo de poboación de Galiza descendeu dende o 2011 ao 2021 un 2,7%, o que supón case 100.000 persoas menos. En xeral o censo de poboación tendeu a estancarse en todo o territorio. Así, o excedente de parque inmobiliario en relación coa poboación non puido mellorar pola vía dunha maior demanda.

Tampouco a Xunta de Galiza ten aplicado medidas útiles en todos estes anos para tratar de reverter esta situación. Todas as políticas en materia de vivenda baleira resultaron ser un fracaso estrepitoso. Dende o programa de vivendas baleiras, até o Censo de vivenda baleira, pasando polas axudas para a súa mobilización, todas e cada unha das medidas implantadas pola Xunta acadaron resultados realmente pésimos ou nulos.

Mentres tanto, a accesibilidade á vivenda segue a ser un dos problemas sociais principais. Esta dupla condición de xente sen casa e casas sen xente é o que impulsou a diversas CCAA e a outros estados a impulsar políticas que interveñan sobre a vivenda baleira e ao mesmo tempo procuren paliar os déficits estruturais en materia de dereito á vivenda e nomeadamente en materia de vivenda pública.

Os eixos comúns desta nova política son a consideración de que a vivenda ten unha función social. É dicir, que un propietario tamén ten unha serie de obrigas coa sociedade. Coinciden na implementación de medidas de presión fiscal para fomentar que esas vivendas se poñan no mercado libre e disuadir aos propietarios de deixalas baleiras. Tamén comparten a idea de dirixir unha parte da vivenda baleira a mellorar o acceso á vivenda, mediante programas públicos que fomentan que o propietario poña a vivenda a prezos asequibles. Ademais, son políticas que distinguen o tipo de propietario: non poden ter o mesmo tratamento un pequeno propietario que unha entidade financeira, porque as causas que motivan a deturpación da función social é diferente e por tanto procuran unha lóxica redistributiva e equitativa.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Levamos xa unha década de cambios lexislativos noutras CCAA e o goberno de Galiza segue na mentalidade precrise da burbulla inmobiliaria e do actual aumento dos prezos da vivenda, como se non tivese pasado nada. Dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos a necesidade de impulsar en Galiza unha serie de medidas adecuadas á nosa realidade territorial para intervir nesta realidade. O *Plan galego para a mobilización da vivenda baleira* é un conxunto de actuacións que procuran reducir a porcentaxe de vivenda baleira e incrementar e facilitar o acceso á vivenda, especialmente ás persoas con menos recursos. Mais non só, porque estas medidas teñen tamén implicacións máis profundas no modelo inmobiliario. Primeiro, ao aflorar a vivenda no mercado de aluguer ou da venda, produce un aumento da oferta que contribúe a un descenso duns prezos de mercado. Segundo, ao provocar o interese do propietario por sacalo ao mercado, dinamiza un maior investimento na conservación e rehabilitación dos inmobles. Terceiro, evita o consumo de solo contribuindo a un modelo territorial máis sostible. Por último, xera un efecto de disuasión para aqueles inversores cuxa estratexia consiste en encher a súa carteira de activos inmobiliarios que logo deixan fora do mercado. E iso implica unha economía menos dependente das flutuacións e dos ciclos do mercado inmobiliario e da construción.

A inacción do goberno da Xunta ten que dar paso a unhas políticas valentes e innovadoras pensadas para a realidade territorial e social galega, que permitan reconducir de raíz esta dramática situación. Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Ten a Xunta de Galiza datos propios sobre o número de vivenda baleira en Galiza e a súa localización?
- Cantas vivendas baleiras calcula o goberno que existen neste momento en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que valoración fai da situación da vivenda baleira?
- Que medidas vai impulsar o goberno galego para actuar sobre a vivenda baleira e garantir a súa función social?
- Que valoración fai das medidas xa implementadas e do seu resultado?
- Ten previsto novas medidas á vista dos pésimos resultados das anteriores?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2023 13:16:03**

**Paulo Ríos Santomé na data 18/04/2023 13:16:10**

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/04/2023 13:16:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** relativa á demografía empresarial.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes celébrase o Día Mundial das Persoas Emprendedoras. Aínda que Galiza é unha das comunidades onde máis se emprende, atendendo ás cifras publicadas en datas recentes polo Instituto Galego de Estatística (IGE) sobre demografía empresarial, observamos como existen datos moi preocupantes relativos a esa actividade emprendedora. No ano 2021 (o último da serie con datos) na Galiza “morreron” máis empresas das que se crearon, polo que a taxa de crecemento neto nese ano foi negativa (-1,42%).

Se analizamos a evolución das taxas de nacemento e morte de empresas, dende a crise do 2008 até o 2015, desapareceron todos os anos máis das que se crearon, e foi no 2015 no que se crearon máis empresas das que desapareceron. No ano 2020 (ano da pandemia) a taxa neta foi outra vez negativa, igual que no 2021, confirmando unha tendencia negativa. Datos preocupantes que amosan unha clara tendencia negativa da taxa neta de demografía empresarial, porque, alén do efecto loxicamente distorsionador e negativo nesta taxa que tiveron a pandemia e a crise inflacionista, hai constantes que se repiten dende fai anos e que amosan que as políticas de creación de empresas do Partido Popular desde que está á fronte da Xunta constituíron un fracaso.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A taxa de actividade emprendedora (TEA) que mide a porcentaxe de persoas que deciden emprender dentro das persoas que traballan ou están buscando traballo (poboación activa) presenta unha diminución respecto ao 2020 e non recuperou as porcentaxes previas á pandemia.

O indicador de supervivencia e permanencia das empresas creadas tampouco é positivo. Se tomamos como referencia o ano 2013, observamos como de cada 100 empresas que naceron nese ano, tan só o 39,95% seguían con actividade no 2021; un 23,2% pecharon no primeiro ano de vida. Se analizamos a taxa de supervivencia das pequenas e medianas empresas (pemes) e creadas no 2017, vemos como só resistiron abertas até o 2021 40 da cada 100. No caso das traballadoras e traballadores autónomos, a taxa de supervivencia nese período (2017-2021) aínda é menor: 30,18 %.

Unha situación preocupante, máxime cando o ecosistema empresarial galego está constituído, maiormente, por pemes e autónomos á fronte de pequenas empresas familiares.

Se a análise a facemos por sectores, a taxa neta de demografía empresarial amosa que a caída máis grande afecta a empresas do sector da industria (-2,59%), algo que xa é unha constante nos últimos anos. Desde o 2009 até o ano 2021, último medido, o noso país acumulou 13 anos cun saldo negativo desta taxa.

Datos todos estes que amosan ás claras desidia e deixación das funcións e competencias atribuídas á Xunta de Galiza nesta materia, así como a inexistencia de planificación ou plans reais e efectivos de promoción e consolidación empresarial sostidos.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas extraordinarias ten pensado implementar o goberno galego para reverter o a taxa neta negativa de demografía empresarial?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2023 13:54:39**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/04/2023 13:54:43**

**Daniel Pérez López na data 18/04/2023 13:54:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación da trata con fins de explotación sexual nas comarcas de Ourense e á valoración por parte da Xunta de Galiza dos resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A trata de persoas é un delito que explota seres humanos con numerosos propósitos, entre eles a explotación sexual, e é un delito no dereito internacional. A día de hoxe o *Protocol to Prevent, Suppress and Punish Trafficking in Persons Especially Women and Children* proporciona a única definición internacionalmente aceptada de trata de persoas e está ratificado polo Estado Español: a trata de personas significa o recrutamento, transporte, transferencia, albergue ou recepción de persoas, mediante a ameaza o uso da forza ou outras formas de coerción, secuestro, fraude, engano, abuso de poder o dunha posición de vulnerabilidade ou de dar ou recibir pagos ou beneficios para lograr o consentimento dunha persoa que ten control sobre outra persoa, con fins de explotación. A explotación incluírá, como mínimo, la explotación da prostitución doutros ou outras formas de explotación sexual, traballo ou servizos forzados, escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos humanos.

A trata de seres humanos, singularmente a relacionada coa explotación sexual, afecta de forma moi superior a mulleres e crianzas. Segundo o documento sobre





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

preguntas frecuentes sobre a trata da ONU, no ano 2018 houbo arredor de 50.000 vítimas de trata de persoas e 148 países denunciaron a súa existencia. O 50% das vítimas foron obxecto de trata con fins de explotación sexual e as mulleres representarían o 46% e as nenas o 19% de todas as vítimas de trata. Así mesmo, triplicouse o número de crianzas vítimas de trata.

Desde hai anos, numerosos documentos internacionais, como a *Declaration on the Elimination of Violence against Women of 1993* sinalan a trata e a explotación da prostitución forzosa de mulleres como forma de violencia contra as mulleres.

No ámbito do Estado español aprobouse a comezos de 2022 o *Plan estratéxico Nacional contra a trata e a explotación sexual de seres humanos, PENTRA, 2021 2023* e anteriormente diversas medidas ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia machista, entre as que se atopaba a elaboración dunha lei integral contra a trata de seres humanos, especialmente de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

No ámbito galego, o noso país foi pioneiro ao definir a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Así o recolle a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, modificada pola *Lei 12/2016, do 22 de xullo*, no seu artigo 3 letra f). Isto permitiu que desde hai anos as vítimas de trata poidan acollerse ás medidas integrais e que se desenvolveran diversas medidas de concienciación e intervención.

Neste marco, a Xunta elaborou e deu a coñecer en setembro de 2022 o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este plan considera “*A trata, a explotación sexual e a prostitución son o produto dunha sociedade heteropatriarcal, na que as mulleres e as nenas son as vítimas principais, ao situalas nunha posición de inferioridade e consideralas como obxecto de intercambio comercial. Como expresión da violencia estrutural contra as mulleres, non pode dissociarse da precariedade, a pobreza e a desigualdade, escenarios que facilitan este tipo de abusos ante a falta de oportunidades económicas, educativas e de acceso aos distintos recursos. Polo tanto, un dos grandes desafíos das sociedades democráticas avanzadas non pode ser outro que combater, desde todas as fronteiras, estas execrables expresións da violencia sexual.*” e incorpora cinco áreas estratéxicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas cunha previsión orzamentaria total de 7.136.424M€.

Recentemente coñecía publicamente a detención en Ourense de cinco persoas que formaban parte dunha rede criminal dedicada á trata de seres humanos e explotación sexual. As informacións xornalísticas apuntan as terribles condicións nas que varias mulleres captadas desde Venezuela e Colombia exercían forzosamente a prostitución sendo videovixiadas 24 horas. Apúntase así mesmo á complexidade dunha maior mobilidade entre pisos como forma de operar á coexistencia da venda de drogas.

Segundo as informacións de Cáritas, en Ourense habería no 2021 máis de 343 mulleres prostituídas que durante contactaran ca entidade social para recibir axuda a través do programa Alumar. Cáritas apunta tamén a un aumento desta situación, pois sinala que no ano 2022 tratou a 453, case cen máis. Nas fontes xornalísticas sinálase que nos últimos anos as forzas policiais terían baixo o seu radar arredor de 70 pisos similares a este no que se interveu recentemente na rúa Bonhome.

Estes datos apuntan unha situación moi preocupante e complexa. Polo tanto, é necesario facer seguimento das informacións e actuacións que coñece e desempeña o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

gobierno galego así como coñecer a valoración respecto dos primeiros meses de funcionamento do Plan e as perspectivas de traballo e prioridades de cronograma que se están a desenvolver.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego a situación e perspectivas da trata con fins de explotación sexual en Galiza?

Como valora o goberno galego a situación e perspectivas da trata con fins de explotación sexual na zona de Ourense?

Considera que está a haber un aumento?

Que datos manexa o goberno galego respecto da evolución recente? Ten avaliado como afecta a distorsión do efecto pandemia a estes datos? Que actuacións impulsa para ter un maior coñecemento desta realidade?

Que medidas xa puxo en marcha do Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024?

Cal é a súa valoración inicial?

Constituíuse xa a comisión de seguimento? En que data? Cal está a ser a súa periodicidade e orde de traballos?

Prevé un reforzo do seu apoio económico e institucional ás asociacións que traballan directamente con mulleres en situación de explotación sexual? En que termos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/04/2023 11:46:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2023 11:46:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2023 11:46:59**



# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

### 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

